- **Limita a participación democrática** ao reducir os prazos de información pública á metade (art. 39) e ao marxinalizar o papel dos concellos na xestión das áreas empresariais.

Así é todo dende o goberno galego, a través de diferentes leis de acompañamento dos orzamentos, leva facen do diferentes modificacións normativas como a creación das Zonas Industriais Rurais (ZIR) e as Zonas de Aceleración de Proxectos Empresariais e Solo (Zapes), que poñen de manifesto a utilización de parches ante a falta dunha ordenación do solo empresarial consistente. Tamén cabe destacar a medida de facilitar a gratuidade de solo empresarial durante 8 anos.

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
186851

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Todo isto leva demostrado ser ineficiente, pois non acaba satisfacendo as necesidades reais da economía galega, non contempla cuestións tan importantes como a mobilidade das traballadoras nin garante unha conciliación real entre o traballo e a vida.

Polo tanto faise preciso mudar o paradigma actual e establecer áreas funcionais que racionalicen o desenvolvemento do solo empresarial para rachar tamén con esa dicotomía entre solo empresarial contra promoción económica.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento insta ao Goberno galego a:

1. Crear un Consello de Estratexia Industrial e Territorial que integre, como mínimo, as consellerías con competencias en economía, industria, medio ambiente, ordenación do territorio, mobilidade e emprego. Cos obxectivos mínimos de:

• Definir sectores estratéxicos por áreas funcionais.

• Articular programas específicos de formación profesional vinculados ás necesidades das áreas empresariais.

• Establecer compromisos de contratación local para empresas que accedan a solo público.

• Integración efectiva da perspectiva de xénero.

• Garantir o acceso de servizos de transporte público aos parques empresariais.

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 11:23:39
Nº Rexistro: 50781
Data envio: 16/02/2026 11:23:39.745

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Impulsar novos modelos de áreas empresariais que recoñeza a diversidade das necesidades produtivas como, por exemplo:

• Áreas Industriais Avanzadas para actividades de alto valor engadido, I+D+i e economía do coñecemento, incluíndo infraestruturas de investigación e transferencia tecnolóxico, servizos avanzados de ciberseguridade e conectividade e espazos para innovación aberta e colaboración entre empresas.

• Parques Científicos e Tecnolóxicos integrados con universidades e centros de investigación, cun modelo de gobernanza que inclúa ás institucións académicas como actores centrais.

• Áreas de Transición Xusta para territorios afectados pola reconversión industrial ou declive demográfico, con programas específicos de descontaminación de solo, compromisos de recolocación do persoal afectado por peches industriais e formación profesional orientada ás novas oportunidades económicas do territorio.

• Áreas de Usos Mixtos integrando vivenda, comercio, servizos e actividade produtiva para crear verdadeiros distritos económicos vivibles, especialmente nas periferias urbanas.”

3. Eliminar a figura dos Plans Estruturantes que permiten sortear o Plan Sectorial, substituíndoa por un mecanismo de actualización participativa do Plan Sectorial como máximo cada 4 anos.

4. Crear un organismo con representación da administración galega, concellos, movementos veciñais, sindicatos, universidades e sector empresarial para a elaboración e seguimento do Plan Sectorial.

5. Transformar o Censo de solo empresarial nun Observatorio Público do Solo Empresarial que conte con mapa interactivo en tempo real da ocupación, prezos e condicións de acceso, con indicadores de xénero na ocupación empresarial e salarial e

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 11:23:39
Nº Rexistro: 50781
Data envio: 16/02/2026 11:23:39.745

con alertas automáticas sobre parcelas abandonadas máis de 3 anos para activar mecanismos de recuperación".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 11:23:39
Nº Rexistro: 50781
Data envio: 16/02/2026 11:23:39.745

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/02/2026 11:21:37
Ramón Fernández Alfonzo na data 16/02/2026 11:21:44
Alexandra Fernández Gómez na data 16/02/2026 11:21:50
Ana Pontón Mondelo na data 16/02/2026 11:21:57

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 11:23:39
Nº Rexistro: 50781
Data envio: 16/02/2026 11:23:39.745

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 11:23:40

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 11:39:36
Nº Rexistro: 50787
Data envio: 16/02/2026 11:39:36.961

Asinado o día 16/02/2
11:28
Por José Ramón Gón

PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Exposición de motivos

Asinado o día 16/02/2026 ás
11:28
Por Silvia Longueira Castro

Unha parte moi significativa dos centros educativos públicos galegos conta con varias décadas de antigüidade e foi construída baixo criterios técnicos, normativos e pedagóxicos que nada teñen que ver coas necesidades actuais. Moitos destes edificios presentan un deterioro acumulado que require intervencións profundas de rehabilitación estrutural, melloras integrais de eficiencia enerxética, renovación de cubertas e fachadas, substitución de instalacións obsoletas, mellora dos sistemas de calefacción, eliminación de barreiras arquitectónicas e adaptación dos espazos ás novas metodoloxías educativas. Non estamos ante incidencias illadas nin puntuais, senón ante unha realidade estrutural consecuencia da falta dunha planificación global e sostida no tempo.

Asinado o día 16/02/2026 ás
11:28
Por Aitor Bouza Manso

A Xunta de Galicia continúa actuando de maneira reactiva, atendendo actuacións concretas cando a situación se fai insostible ou cando existe presión por parte das comunidades educativas, pero sen realizar unha avaliación integral e pública do estado real do conxunto das infraestruturas educativas galegas. Galicia precisa coñecer con rigor técnico cal é a situación real dos seus centros públicos, cales precisan rehabilitacións estruturais, cales requiren intervencións

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 11:39:36
Nº Rexistro: 50787
Data envio: 16/02/2026 11:39:36.961

PSG PSOE

integrais e cal é o investimento necesario para garantir condicións dignas e seguras para o alumnado e o persoal docente.

Resulta imprescindible que o Goberno galego impulse un plan de dotación de infraestruturas educativas en Galicia que parta dunha avaliación técnica completa de todos os centros educativos públicos, que identifique as necesidades de rehabilitación e modernización existentes, que estableza unha planificación plurianual das actuacións necesarias e que conte cunha dotación económica suficiente, específica e garantida nos Orzamentos da Xunta de Galicia. Só mediante unha planificación estruturada, transparente e con financiamento comprometido poderá abordarse de maneira ordenada e equitativa a modernización da rede pública de centros educativos e evitar que a antigüidade das infraestruturas se converta nun factor de desigualdade territorial.

Garantir centros seguros, accesibles, eficientes e adaptados ás necesidades do século XXI non é unha opción política senón unha responsabilidade institucional ineludible.
Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar unha avaliación técnica integral do estado de conservación e das necesidades de rehabilitación de todos os centros educativos públicos de Galicia, no prazo máximo de seis meses.
2. Elaborar e presentar ante o Parlamento un plan de dotación de infraestruturas educativas en Galicia de carácter plurianual, que inclúa a identificación das actuacións necesarias, os criterios obxectivos de priorización e unha planificación temporal das intervencións.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 11:39:36
Nº Rexistro: 50787
Data envio: 16/02/2026 11:39:36.961

PSG DE PSOE

3. Incrementar e adecuar a dotación económica destinada a infraestruturas educativas nos Orzamentos da Xunta de Galicia, garantindo que sexa suficiente, específica e finalista para a execución efectiva dese Plan de Dotación de Infraestruturas Educativas, con financiamento anualizado e planificación plurianual acorde ás necesidades reais detectadas na avaliación técnica, asegurando ademais a súa execución íntegra en cada exercicio orzamentario e evitando a existencia de créditos non executados.
4. Establecer mecanismos de seguimento e avaliación periódica do plan, garantindo a transparencia e o acceso público á información sobre o grao de execución das actuacións previstas.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 11:39:36
Nº Rexistro: 50787
Data envio: 16/02/2026 11:39:36.961

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 16/02/2026 11:28:12
Silvia Longueira Castro na data 16/02/2026 11:28:19
José Ramón Gómez Besteiro na data 16/02/2026 11:28:26

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 11:39:36
Nº Rexistro: 50787
Data envio: 16/02/2026 11:39:36.961

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 11:39:37

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 11:40:19
Nº Rexistro: 50790
Data envio: 16/02/2026 11:40:19.957

PSG PSOE

Asinado o día 16/02/2
11:29
Por José Ramón Gón

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Exposición de motivos

Asinado o día 16/02/2026 ás
11:29
Por Silvia Longueira Castro

Unha parte moi significativa dos centros educativos públicos galegos conta con varias décadas de antigüidade e foi construída baixo criterios técnicos, normativos e pedagóxicos que nada teñen que ver coas necesidades actuais. Moitos destes edificios presentan un deterioro acumulado que require intervencións profundas de rehabilitación estrutural, melloras integrais de eficiencia enerxética, renovación de cubertas e fachadas, substitución de instalacións obsoletas, mellora dos sistemas de calefacción, eliminación de barreiras arquitectónicas e adaptación dos espazos ás novas metodoloxías educativas. Non estamos ante incidencias illadas nin puntuais, senón ante unha realidade estrutural consecuencia da falta dunha planificación global e sostida no tempo.

Asinado o día 16/02/2026 ás
11:29
Por Aitor Bouza Manso

A Xunta de Galicia continúa actuando de maneira reactiva, atendendo actuacións concretas cando a situación se fai insostible ou cando existe presión por parte das comunidades educativas, pero sen realizar unha avaliación integral e pública do estado real do conxunto das infraestruturas educativas galegas. Galicia precisa coñecer con rigor técnico cal é a situación real dos seus centros públicos, cales precisan rehabilitacións estruturais, cales requiren intervencións

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 11:40:19
Nº Rexistro: 50790
Data envio: 16/02/2026 11:40:19.957

PSG PSOE

integrais e cal é o investimento necesario para garantir condicións dignas e seguras para o alumnado e o persoal docente.

Resulta imprescindible que o Goberno galego impulse un plan de dotación de infraestruturas educativas en Galicia que parta dunha avaliación técnica completa de todos os centros educativos públicos, que identifique as necesidades de rehabilitación e modernización existentes, que estableza unha planificación plurianual das actuacións necesarias e que conte cunha dotación económica suficiente, específica e garantida nos Orzamentos da Xunta de Galicia. Só mediante unha planificación estruturada, transparente e con financiamento comprometido poderá abordarse de maneira ordenada e equitativa a modernización da rede pública de centros educativos e evitar que a antigüidade das infraestruturas se converta nun factor de desigualdade territorial.

Garantir centros seguros, accesibles, eficientes e adaptados ás necesidades do século XXI non é unha opción política senón unha responsabilidade institucional ineludible.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a atender de maneira prioritaria as demandas trasladadas polas comunidades educativas, as familias e os concellos en relación coas necesidades de rehabilitación, mellora e modernización das infraestruturas escolares.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 11:40:19
Nº Rexistro: 50790
Data envio: 16/02/2026 11:40:19.957

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 16/02/2026 11:29:04
Silvia Longueira Castro na data 16/02/2026 11:29:10
José Ramón Gómez Besteiro na data 16/02/2026 11:29:16

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 11:40:19
Nº Rexistro: 50790
Data envio: 16/02/2026 11:40:19.957

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 11:40:20

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 11:41:22
Nº Rexistro: 50792
Data envio: 16/02/2026 11:41:22.778

PSG PSOE

Asinado o día 16/02/2
11:29
Por José Ramón Gón

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Exposición de motivos

Asinado o día 16/02/2026 ás
11:29
Por Silvia Longueira Castro

Unha parte moi significativa dos centros educativos públicos galegos conta con varias décadas de antigüidade e foi construída baixo criterios técnicos, normativos e pedagóxicos que nada teñen que ver coas necesidades actuais. Moitos destes edificios presentan un deterioro acumulado que require intervencións profundas de rehabilitación estrutural, melloras integrais de eficiencia enerxética, renovación de cubertas e fachadas, substitución de instalacións obsoletas, mellora dos sistemas de calefacción, eliminación de barreiras arquitectónicas e adaptación dos espazos ás novas metodoloxías educativas. Non estamos ante incidencias illadas nin puntuais, senón ante unha realidade estrutural consecuencia da falta dunha planificación global e sostida no tempo.

Asinado o día 16/02/2026 ás
11:29
Por Aitor Bouza Manso

A Xunta de Galicia continúa actuando de maneira reactiva, atendendo actuacións concretas cando a situación se fai insostible ou cando existe presión por parte das comunidades educativas, pero sen realizar unha avaliación integral e pública do estado real do conxunto das infraestruturas educativas galegas. Galicia precisa coñecer con rigor técnico cal é a situación real dos seus centros públicos, cales precisan rehabilitacións estruturais, cales requiren intervencións

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 11:41:22
Nº Rexistro: 50792
Data envio: 16/02/2026 11:41:22.778

PSG PSOE

integrais e cal é o investimento necesario para garantir condicións dignas e seguras para o alumnado e o persoal docente.

Resulta imprescindible que o Goberno galego impulse un plan de dotación de infraestruturas educativas en Galicia que parta dunha avaliación técnica completa de todos os centros educativos públicos, que identifique as necesidades de rehabilitación e modernización existentes, que estableza unha planificación plurianual das actuacións necesarias e que conte cunha dotación económica suficiente, específica e garantida nos Orzamentos da Xunta de Galicia. Só mediante unha planificación estruturada, transparente e con financiamento comprometido poderá abordarse de maneira ordenada e equitativa a modernización da rede pública de centros educativos e evitar que a antigüidade das infraestruturas se converta nun factor de desigualdade territorial.

Garantir centros seguros, accesibles, eficientes e adaptados ás necesidades do século XXI non é unha opción política senón unha responsabilidade institucional ineludible.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incrementar e adecuar a dotación económica destinada a infraestruturas educativas nos Orzamentos da Xunta de Galicia, garantindo que sexa suficiente, específica e finalista, asegurando ademais a súa execución íntegra en cada exercicio orzamentario e evitando a existencia de créditos non executados.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 11:41:22
Nº Rexistro: 50792
Data envio: 16/02/2026 11:41:22.778

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 16/02/2026 11:29:25
Silvia Longueira Castro na data 16/02/2026 11:29:31
José Ramón Gómez Besteiro na data 16/02/2026 11:29:38

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 11:41:22
Nº Rexistro: 50792
Data envio: 16/02/2026 11:41:22.778

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 11:41:23

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 12:29:16
Nº Rexistro: 50821
Data envio: 16/02/2026 12:29:16.051

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 16/02/2
12:28
Por Ana Pontón Monc

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e deputado **Cristina Fernández Davila** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre a exclusión de Ponteareas do reparto de novas prazas de xuíces e xuízas.

Asinado o día 16/02/2026 ás
12:28
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Xustiza anunciou en xaneiro de 2026 a creación de 19 prazas de xuíces e xuízas na Galiza, 500 en todo o Estado, co obxectivo de reforzar os novos Tribunais de instancia e as Audiencias provinciais.

Estas novas prazas xudiciais destinadas a Galiza son claramente insuficientes e fican por debaixo das necesidades reais en moitos xulgados situados en grandes vilas ou que son Partido Xudicial. Este é o caso de Ponteareas, que abrangue dez concellos limítrofes das comarcas do Condado e A Paradanta, cunha poboación de máis de 53.500 habitantes: Arbo, A Caniza, As Neves, Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz Balneario, Ponteareas e Salvaterra de Miño).

O Tribunal de Instancia de Ponteareas só conta cunha sección mixta, de Instancia e Instrución, con tres prazas xudiciais na Sección Civil e de Instrución, así como a oficina encargada da xestión do Rexistro Civil.

Asinado o día 16/02/2026 ás
12:27
Por Cristina Fernández Davila

As estatísticas publicadas polo Consello Xeral do Poder Xudicial evidencian que dende hai anos o número de asuntos rexistrados polos Xulgados de Ponteareas (hoxe Tribunal de Instancia) excede, especialmente no orde civil, o límite máximo que,

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 12:29:16
Nº Rexistro: 50821
Data envio: 16/02/2026 12:29:16.051

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

segundo o baremo do propio CXPX, pode soportar un órgano xurisdicional destas características.

Como sucede en moitos Tribunais, Ponteareas adoece de deficiencias en recursos humanos e medios, o que causa demoras significativas na tramitación dos procesos xudiciais e nas sentenzas.

Con carácter xeral, comprobamos que dende o ano 2010, ningún dos Gobernos no Estado crearon Xulgados novos en localidades da Galiza o que é indicativo dunha estratexia que pasa por minimizar a Xustiza nas vilas. Cremos que canto máis cerca estea a xustiza da xente, máis eficaz e áxil pode ser, e iso pasa por fortalecela e mellorala.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Demandar do Goberno do Estado a creación dunha nova praza de xuíz ou xuíza para reforzar o Tribunal de Instancia de Ponteareas.

2.- Facilitar os datos sobre o volume de carga de traballo coa que conta o Tribunal de Instancia de Ponteareas.

3.- Comprometerse co Estado e o Concello de Ponteareas a dotar do persoal necesario de apoio á nova praza de xuíz ou xuíza no Xulgado de Ponteareas".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 12:29:16
Nº Rexistro: 50821
Data envio: 16/02/2026 12:29:16.051

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 16/02/2026 12:27:59
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/02/2026 12:28:10
Ana Pontón Mondelo na data 16/02/2026 12:28:32

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 12:29:16
Nº Rexistro: 50821
Data envio: 16/02/2026 12:29:16.051

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 12:29:17

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 12:51:44
Nº Rexistro: 50826
Data envio: 16/02/2026 12:51:44.610

Asinado o día 16/02/2
12:51
Por Ana Pontón Monc

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Carmela González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre as necesidades dos centros escolares do concello do Porriño, así como as accións conxuntas con outras localidades para demandar estes recursos á Consellería de Educación.

Asinado o día 16/02/2026 ás
12:50
Por Carmela González Iglesias

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este curso escolar está a resultar o máis duro da última década. Profesorado e familias coinciden en valorar que o Goberno do PP na Xunta de Galiza, a través da Consellería de Educación, ven de deixar o ensino galego sen os recursos suficientes para poder atender a todo o alumnado, despois de 17 anos de recortes continuados.

Na actualidade, é imposible para o profesorado asumir todas as tarefas que a administración autonómica tenlles encomendadas. Pero estas persoas están sufrindo e realmente preocupadas por non poder desenvolver debidamente aquela tarefa para a cal foron nomeadas funcionarias ou contratadas: a atención docente ao seu alumnado.

Perdidas/os entre unha inxente burocracia, atendendo a numerosos protocolos de todo tipo, informes, gardas no centro (de pasillo, de recreo, de autobús escolar, de comedor, de biblioteca….), participación en proxectos educativos (se queren que o seu centro teña máis recursos), formación dixital,... resúltalle imposible poder atender a cada alumna/o, canto máis se algunha delas leva consigo Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

Asinado o día 16/02/2026 ás
12:50
Por Cristina Fernández Davila

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 12:51:44
Nº Rexistro: 50826
Data envio: 16/02/2026 12:51:44.610

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A inmensa maioría do alumnado máis vulnerable, atópase na actualidade sen a atención que aconsellan os seus informes médicos e de orientación, de xeito que aquel que está en aulas ordinarias non está sendo atendido como corresponde e iso afecta ademais ao resto das compañeiras/os da clase.

Esta situación non se corresponde cunha inclusión real, como publicita a diario a Consellería e ante a falta de docentes, especialistas e persoal coidador suficiente, as medidas que se toman non son as que correspondería para mellorar a situación, senón que a administración educativa trata de desviar a atención do problema coa creación de Aulas Específicas (que nada teñen de inclusivas) ou mudar as matrículas cara a Centros de Educación Especial.

Por outra banda as partidas orzamentarias destinadas a gastos nos centros educativos cada vez son menores e resulta xa case imposible asumir as facturas de subministros, material educativo, mantemento, pequenas reformas necesarias, etc., se temos en conta esta pírrica aportación e o continuado ascenso do IPC que afecta á economía de todas as galegas e galegos e tamén ás contas dos centros educativos. Bo exemplo disto é que o número de saídas do centro para actividades escolares estanse a reducir drasticamente, por non poder asumir nin as familias, nin os centros o custo dos desprazamentos.

Os centros educativos levan os seis meses de curso reclamando docentes, especialistas, persoal coidador e maiores recursos económicos á Consellería que non foron atendidos.

É por todo iso que o profesorado e as familias do concello do Porriño, fartas/os de asumir unha carga de traballo inxente que xa non mellora a situación do alumnado e dos centros, téñense organizado co resto do País e convocado unha mobilización para o vindeiro mércores 25 de febreiro, na que amosarán o seu descontento e reclamarán os recursos necesarios para o alumnado e os centros e unhas condicións laborais dignas como corresponde.

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 12:51:44
Nº Rexistro: 50826
Data envio: 16/02/2026 12:51:44.610

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

"O parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Ampliar os cadros de persoal e actualizar os catálogos dos centros educativos do concello do Porriño, dotándoos de xeito inmediato das docentes, especialistas e persoal coidador necesario para unha atención de calidade a todo o alumnado, tamén aquel máis vulnerable.

2.- Ampliar a dotación económica que asigna cada ano a Consellería aos centros escolares en consonancia cos gastos que deben asumir, ordinarios e extraordinarios, e actualizando esta partida co aumento do IPC anual".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 12:51:44
Nº Rexistro: 50826
Data envio: 16/02/2026 12:51:44.610

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 16/02/2026 12:50:44
Carmela González Iglesias na data 16/02/2026 12:50:56
Ana Pontón Mondelo na data 16/02/2026 12:51:03

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 12:51:44
Nº Rexistro: 50826
Data envio: 16/02/2026 12:51:44.610

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 12:51:46

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:29:30
Nº Rexistro: 50836
Data envio: 16/02/2026 13:29:30.894

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 16/02/2
13:25
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García, Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar polo Goberno galego para paliar as consecuencias que a sucesión de temporais está a ter no sector do mar dende o mes de novembro.

Por Paulo Ríos Santomé
Asinado o día 16/02/2026 ás
13:25
Por Carmela González Iglesias

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos case catro meses, Galiza vive unha situación excepcional debido á gran acumulación de temporais dende o mes de novembro e ás consecuencias derivadas dos mesmos.

Máis alá de todas as incidencias e problemas que se estiveron a dar en xeral, no mar vén provocando que o sector pesqueiro non puidese saír a traballar un número importante de días e mesmo semanas; que o sector marisqueiro, que aínda non se recuperara das consecuencias das intensas choivas e da mortaldade de marisco do ano 2023, non puidese tampouco volver aos bancos marisqueiros que en moitos puntos da nosa costa están a sufrir un brutal descenso da salinidade da auga e de novo mortaldade de bivalvos que afectarán á produción da campaña actual e cando menos da vindeira; e no sector miticultor, ademais de non poder traballar durante moitas xornadas, véñense producindo numerosos desperfectos nas bateas, e mesmo nos barcos, sobre todo pola acción do vento.

Asinado o día 16/02/2026 ás
13:25
Por Rosana Pérez Fernández

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
186879

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:29:30
Nº Rexistro: 50836
Data envio: 16/02/2026 13:29:30.894

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En definitiva, unha situación que nestes momentos é xa desesperada polas importantes perdas que está a provocar para os traballadores e traballadoras do mar, que teñen a obriga cando menos de seguir pagando as súas cotizacións sociais e sufragar os gastos habituais da súa actividade sen que dispoñan de ingresos suficientes para facelo e sen que, aínda a día de hoxe, saiban cando poderán volver á normalidade.

Chama a atención que dende novembro a reacción da Consellaría non se producise en ningún caso ata este mesmo mes de febreiro, cando as praias comezaron a verse cubertas de miles de bivalvos mortos e cando o sector pesqueiro xa levaba semanas de inactividade continuada. Evidentemente, a resposta da administración non só é tardía senón que segue a ser a día de hoxe totalmente morna e indecisa.

Así, ao tempo que coñecemos que a Consellaría demandaba ao Estado medidas de apoio ao sector do mar, sen ter prevista ningunha propia, xa trascendera que en Andalucía, o seu goberno e o sector chegaran a acordos para poñer en marcha axudas para paliar as perdas do sector pesqueiro. Ou, aínda cando o Consello de ministros tomara a decisión de declarar zona afectada por emerxencia de protección civil a Galiza o pasado día 10 de febreiro, abrindo a posibilidade de que os distintos Ministerios habiliten axudas propias dos seus ámbitos competencias, dende a Xunta non houbo contacto co Ministerio de Pesca ata días despois.

Non é obxecto desta iniciativa afondar nas moitas medidas que se puideron ter posto en funcionamento nos últimos anos para afortalar o sector, sobre todo para preparalo para situacións como as que novamente estamos a vivir, medidas derivadas das competencias exclusivas do Goberno galego na materia, que levan anos e anos sendo reclamadas polo sector e a través das propostas deste Grupo parlamentario e que foron sempre desoídas e desatendidas. Mais cómpre recalcar que o desleixo histórico, a falta dun plan estrutural para manter e potenciar o sector pesqueiro e marisqueiro e os seus postos de traballo e a insuficiencia crónica de recursos orzamentarios e humanos

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:29:30
Nº Rexistro: 50836
Data envio: 16/02/2026 13:29:30.894

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

adicados a estes fins son sen dúbida factores chave que inflúen decisivamente na dimensión da problemática actual.

Agora cómpre facer fronte ás consecuencias do mal tempo continuado dende novembro, que aínda persiste, dar a máxima cobertura social ás ducias de afectados e afectadas e evitar que continúe a sangría da perda de postos de traballo no sector.

As medidas inmediatas, no entanto, xa non se entenden doutro xeito se non van acompañadas doutras de calado que permitan avanzar e sentar as bases para comezar unha recuperación imprescindíbel e que haberá que abordar tamén con inmediatez en canto se supere a urxencia deste momento. Agora o sector do mar galego precisa dunha resposta estruturada e complementaria ás medidas xa activadas por outras administracións, que permita cubrir os danos non atendidos, apoiar ás persoas, ás familias e entidades afectadas e evitar que soporten os custos desta emerxencia en solitario.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

"O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1.- Demandar do Goberno do Estado:

a) A inmediata exención das cotas da Seguridade Social ao sector do mar galego con efectos retroactivos dende o mes de novembro.

b) Poñer en marcha un plan de cobertura social para todas e todos os afectados, que inclúa axudas directas de emerxencia que lles permitan manter uns ingresos mínimos e paliar os danos materiais nos seus útiles de traballo, cando menos dende o mes de novembro ata febreiro incluído.

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:29:30
Nº Rexistro: 50836
Data envio: 16/02/2026 13:29:30.894

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Poñer a disposición dos armadores e autónomos do mar que o necesiten, préstamos ou liñas de creto para investimentos que lles permitan a viabilidade da súa actividade.

2.- Levar a cabo coa maior brevidade:

a) A avaliación e cuantificación dos danos e das perdas producidas no sector para acreditar diante do Goberno do Estado.

b) Complementar con fondos propios as axudas e medidas que desenvolva o Goberno estatal.

3.- Destinar os fondos europeos dos que dispón a Consellaría de Mar a dar prioridade, diante de calquera outra, a salvar e fortalecer ao sector produtor do mar.

4.- Garantir unha acción eficaz na tramitación e xustificación das axudas, nomeadamente nos casos de maior gravidade e nos que a inactividade acumulada sexa maior nos últimos catro meses, establecendo medidas de axilización, simplificación e transparencia en coordinación e colaboración cos distintos subsectores".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:29:30
Nº Rexistro: 50836
Data envio: 16/02/2026 13:29:30.894

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 16/02/2026 13:25:23
Carmela González Iglesias na data 16/02/2026 13:25:39
Daniel Castro García na data 16/02/2026 13:25:45
Óscar Insua Lema na data 16/02/2026 13:25:51
Paulo Ríos Santomé na data 16/02/2026 13:26:03

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:29:30
Nº Rexistro: 50836
Data envio: 16/02/2026 13:29:30.894

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 13:29:31

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:45:33
Nº Rexistro: 50844
Data envio: 16/02/2026 13:45:33.685

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 16/02/2
13:41
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e dos deputados **Montserrat Valcárcel Armesto**, **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o reforzo do INUNGAL e da prevención fronte ás inundacións tras a declaración de Galiza como zona gravemente afectada por emerxencias de protección civil.

Asinado o día 16/02/2026 ás
13:40
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Exposición de motivos

As borrascas Joseph, Kristin, Leonardo, Marta e outros temporais deste inverno provocaron en Galiza milleiros de incidencias, con ríos en nivel vermello e laranxa, inundacións en vivendas, garaxes e baixos comerciais, estradas cortadas, derrubamento de pontes e danos significativos na rede de infraestruturas. No ámbito fluvial repetíronse desbordamentos en puntos negros xa coñecidos en ríos como o Miño, Sar, Mandeo, Umia ou Tea, onde as chairas naturais de inundación foron progresivamente ocupadas por estradas, naves, solo urbano e outras infraestruturas que actúan como auténticos tapóns. O derrubamento da ponte da Acea en Navia de Suarna, así como os cortes recorrentes en estradas provinciais, evidencian que unha parte importante da rede viaria e das obras hidráulicas non está adaptada ao novo escenario climático.

Asinado o día 16/02/2026 ás
13:40
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Desde o punto de vista xeolóxico e climático asistimos a unha intensificación dos fenómenos meteorolóxicos extremos, con solos practicamente saturados (por riba do 98% de humidade) que deixan de infiltrar auga e convértena case toda en escorrentía, aumentando o caudal dos ríos e o risco de inundacións e deslizamentos de terra. A isto súmanse factores antrópicos como a agroganadaría intensiva que compacta o solo, os

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:45:33
Nº Rexistro: 50844
Data envio: 16/02/2026 13:45:33.685

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incendios forestais que deixan os montes desprotexidos e vulnerábeis á erosión, e o desenvolvemento de infraestruturas e solo urbano que sela o chan e altera os fluxos naturais da auga, creando novas zonas inundábeis. A propia xeoloxía lembra que ignorar as características do terreo ao construír ou planificar multiplica os riscos.

O Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galiza (INUNGAL) foi revisado e aprobado por resolución da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes en outubro de 2024, cunha nova análise de perigosidade e risco, integración de información hidrolóxica e definición de fases de preemerxencia e emerxencia. Porén, malia contar cun plan autonómico específico, a realidade mostra un enfoque eminentemente reactivo: activacións en fase de preemerxencia e emerxencia, reparacións a posteriori e respostas puntuais, sen unha avaliación pública e sistemática do seu cumprimento nin indicadores claros da súa efectividade. O Consello de Ministros do Estado declarou Galiza zona gravemente afectada por unha emerxencia de protección civil polos danos acumulados polas borrascas dos últimos meses, abrindo a vía a axudas extraordinarias, o que evidencia que o problema non é só meteorolóxico senón tamén de vulnerabilidade estrutural e insuficiente prevención.

Como sinala o delegado en Galiza do Colexio Oficial de Xeólogos, “as inundacións non se poden evitar por completo porque son fenómenos naturais, pero estamos a tempo de minimizalas”, sempre que se recupere a saúde do solo, se mellore a súa capacidade de infiltración e se integre a xeoloxía na ordenación do territorio. Para iso cómpre avanzar desde un modelo que canaliza e acelera a auga, a miúdo encorsetando os ríos e ocupando as súas chairas de inundación, a un modelo que retén, lamina e xestiona a auga de forma sustentábel, combinando restauración fluvial, boa xestión forestal, prácticas agrarias que melloren a materia orgánica do solo e unha planificación territorial que respecte as zonas de alto risco. A combinación dun plan aprobado no DOG, dunha declaración estatal de zona catastrófica e dunha cidadanía que

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:45:33
Nº Rexistro: 50844
Data envio: 16/02/2026 13:45:33.685

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

percibe improvisación e abandono cando chegan os temporais é politicamente inasumíbel e revela unha falla de estratexia real de adaptación ao cambio climático.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Elaborar e presentar no prazo máximo de seis meses un informe de avaliación da implantación do INUNGAL desde a súa revisión de 2024, que inclúa a análise das activacións realizadas neste inverno (preemerxencia/emerxencia), o grao de cumprimento das medidas previstas, e as incidencias detectadas na coordinación entre 112 Galiza, servizos de emerxencias municipais e demais organismos implicados.

2.- Definir e publicar un conxunto de indicadores de seguimento do INUNGAL (tempo de resposta, número de concellos con plans municipais actualizados, simulacros realizados, etc.) e actualizar anualmente os seus valores nun informe remitido ao Parlamento no marco dunha Comisión técnica de seguimento do INUNGAL con participación de Protección Civil, 112, FEGAMP e Augas de Galiza, para propoñer melloras operativas tras cada campaña invernal.

3.- Reforzar os medios humanos e materiais de protección civil e emerxencias, especialmente no 112 Galiza e nos Grupos de Emerxencias Supramunicipais, garantindo a súa suficiencia para afrontar episodios de inundacións cada vez máis frecuentes e intensos.

4.- Poñer en marcha, en coordinación coa FEGAMP, un programa estable de apoio técnico e financeiro aos concellos para a elaboración, actualización e

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:45:33
Nº Rexistro: 50844
Data envio: 16/02/2026 13:45:33.685

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a dispoñer dun aparcadoiro disuasorio conectado con buses lanzadeiras de frecuencias intensivas co Hospital da Coruña.

Asemade, insta a reforzar as liñas e as frecuencias do transporte metropolitano e interurbano que conecta toda a área sanitaria co CHUAC.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 17:52:01
Nº Rexistro: 50903
Data envio: 16/02/2026 17:52:01.035

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 16/02/2026 17:49:28
Iria Carreira Pazos na data 16/02/2026 17:49:37
Iria Taibo Corsanego na data 16/02/2026 17:49:43
Paulo Ríos Santomé na data 16/02/2026 17:49:51
Luis Bará Torres na data 16/02/2026 17:49:56

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 17:52:01
Nº Rexistro: 50903
Data envio: 16/02/2026 17:52:01.035

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 17:52:01

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 18:23:54
Nº Rexistro: 50917
Data envio: 16/02/2026 18:23:54.947

Asinado o día 16/02/2
18:21
Por Ramón Fernánde

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Oscar Insua Lema**, **Brais Ruanova Vilas-Boas**, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Xosé Manuel Golpe Acuña**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, para instar ao mantemento do emprego digno e a actividade industrial vinculada as concesións hidroeléctricas no río Xallas.

Por Ana Pontón Mondelo

Asinado o día 16/02/2026 ás
18:21
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O complexo industrial de ferroaliaxes XEAL, con fábricas en Dumbría e Cee, conta dende hai moito tempo con concesións hidroeléctricas no río Xallas para abastecerse enerxeticamente. Despois de anos de batallas da empresa Ferroatlántica, antiga propietaria da industria, para segregar as dúas actividades, a de ferroalixes e a de produción enerxética, foi no 2019, cando se autorizou pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) e a Xunta de Galiza, a operación de venda do conglomerado industrial, pasando a depender e ser xestionadas pola empresa TPG-Ithaka, un fondo de investimento americano. Unha operación fantasma, pois o acordo de venta foi condicionado a que tanto as subministracións da materia prima como as vendas do produto final se transaccionen exclusivamente coa empresa vendedora, a antiga Ferroatlántica, do grupo Ferroglobe, polo que a operación non deixou de ser un cambio cosmético da propiedade, pois o control total da producción seguía dirixíndose dende o Paseo da Castellana 259 D en Madrid.

Asinado o día 16/02/2026 ás
18:21
Por Óscar Insua Lema

Posteriormente, en outubro de 2023, a empresa Xeal foi vendida a unha empresa chamada ENERGO-PRO A.S., filial dunha sociedade checa DK HOLDING INVESTMENTS S.R.O., e actual propietaria. No marco desa operación, os saldos (débedas e créditos) que Xeal tiña coas sociedades do grupo Kehlen foron subrogados polo novo accionista. Isto provocou tamén a disolución do grupo de consolidación fiscal

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 18:23:54
Nº Rexistro: 50917
Data envio: 16/02/2026 18:23:54.947

que había con Kehlen e, segundo a memoria, aprobouse un novo grupo de consolidación fiscal entre Xeal e unha sociedade denominada FEROE VENTURES & INVESTMENTS S.L.U. Unha sociedade con nome de illas que sempre foron consideradas coma un paraíso fiscal, o que non aporta moita tranquilidade de cara ao futuro da empresa e da comarca. Ademais esta sociedade solicitou participar no concurso dunha concesión de augas superficiais para a execución dun almacenamento hidráulico de enerxía no río Xallas, no concello de Mazaricos, (clave AC/7/180) e que está pendente de resolverse.

De todos era sabido, o interese que tivo o grupo Villar Mir por segregar as actividades de ferroaliaxes da produción eléctrica da empresa, un obxectivo ao que non renunciou despois o fondo Norteamericano, xa que despois da adquisición do complexo enerxético e industrial, este negouse a retirar o recurso contra a resolución de Augas de Galiza que denegara tal autorización, e interposto no seu día pola anterior propietaria. É máis, XEAL presentara recurso de casación diante do Tribunal Supremo contra a decisión do TSXG que avalaba o acordo de Augas de Galiza. Unha providencia do alto tribunal inadmitiu o recurso e por tanto as pretensións de segregación, ratificándose a decisión de Augas de Galiza, de considerar esencial a condición das concesións, a vinculación das actividades, e que sempre fora asumida pola empresa nas distintas transmisións de compra, co obxectivo de garantir a viabilidade da empresa e o mantemento do emprego nunha comarca deprimida, interese público que sostén o condicionamento das concesións hidroeléctricas.

A situación actual da empresa é de tensa calma e ben distinta a existente hai unha década. Se hai dez anos utilizaban o pretexto de que as hidroeléctricas non eran rendibles para solicitar a segregación, hoxe é ao revés, pois estas son as que proporcionan o beneficio ao grupo industrial. A produción de ferroaliaxes funciona ao 60% da súa capacidade, con só tres fornos de cinco funcionando nas instalacións de Dumbría e Cee, previsiblemente ata xuño, e cunha plantilla de traballadores activos de 210 traballadores directos, arredor de 80 menos desde que o grupo Ferroglobe vendiu no 2019 o complexo industrial, e máis da metade de cando o grupo Villar Mir se fixo

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 18:23:54
Nº Rexistro: 50917
Data envio: 16/02/2026 18:23:54.947

coa empresa nos anos 90. A capacidade de produción de XEAL é de 55.000 toneladas anuais entre as dúas fábricas, máis a produción actual de 780 Tn/mes, está moi lonxe de chegar a aquelas cifras, a pesar de que recentemente comezaron a producir unha nova ferroaleacción de ferrosilicocromo. Isto é consecuencia da permanente dependencia nas tomas de decisións do grupo Ferroglobe, que segue mantendo as fábricas de ferroaliaxes no Estado Español, en Francia, en Sudáfrica, en Venezuela, ou China, e primando a produción noutros lugares, por cuestións de rendibilidade económica.

O 14 de xaneiro deste ano a empresa organizou un evento ao que acudiu o presidente da Xunta e a Conselleira de Industria, para anunciar o inicio das obras da nova planta de produción de carbón vexetal en Dumbría, no que se investirán 21,6 millóns, dos cales 9M proceden de fondos europeos do PERTE de Descarbonización para converter madeira en carbón vexetal co fin de substituír as 15.000 toneladas anuais de carbón mineral que veñen empregando nos procesos de fabricación. Anunciaron no consello da Xunta que crearían 15 postos de traballo directo, e recentemente a dirección da empresa “uns 60 postos de traballo en fase de construción” e “arredor de 40 entre directos e indirectos en fase de operación” segundo publicacións na prensa, cifras todas elas que bailan segundo sopre o vento.

O consello da Xunta declaraba en decembro de 2024 como proxecto industrial estratéxico esta planta de conversión de madeira en carbón vexetal, unha declaración enmarcada na filosofía do Goberno galego de axilizar e desburocratizar os procedementos administrativos que, neste caso, permiten adiantar os prazos de implantación das actividades industriais e, polo tanto, de creación de emprego. Ademais, o proxecto foi incluído no Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, creado a través da Lei 10/2023, de medidas fiscais e administrativas, polo que entre outros beneficios, facilita a posta á disposición dos suxeitos promotores dos proxectos industriais estratéxicos que así o requiran os instrumentos de financiamento público que contribúan a complementar a estrutura financeira do proxecto ou da iniciativa, que, en todo caso, deberá contar con financiamento privado. Estes instrumentos de financiamento público poden revestir a

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 18:23:54
Nº Rexistro: 50917
Data envio: 16/02/2026 18:23:54.947

forma de toma de participacións en capital, préstamos, participativos ou non, garantías, incentivos a fondo perdido, ou unha combinación dos anteriores.

Todo isto non parece suficiente para vislumbrar un futuro viable para a actividade industrial, pois a retirada do guindastre no peirao de Brens e a diminución de descargas de materia prima nel, son razóns suficientes para pensar que a empresa pretende desmantelar a produción de ferroalixes e quedarse exclusivamente coas empresas xeradoras de enerxía. Que sentido ten que a empresa XEAL precise xerar máis enerxía coas novas solicitudes concesionais, se non é capaz de consumir toda a que produce para producir ferroalixes. A razón non é máis que o interese que ten hoxe en día por centrar a súa actividade económica na produción eléctrica, a máis rendible sen dúbida, o que provoca que a actividade económica vinculada de ferroaleaccións, que é a que xera máis postos de traballo, acabe desaparecendo, pois a falla de produción provoca tamén a falla de competitividade no mercado, o que finalizará na inviabilidade empresarial.

Toda esta estratexia empresarial xera unha situación de incerteza na comarca, xa que ao desmantelamento constante e continuo da produción industrial e á perda de emprego, hai que sumarlle o bloqueo empresarial na negociación colectiva, así como os reiterados incumprimentos en materia laboral e de prevención de riscos. O convenio colectivo está caducado dende hai máis de un ano e está constatada unha perda do poder adquisitivo dos traballadores que xa ten unha acumulación dun 11,3% dende o último convenio aprobado, o que significa unha perda de arredor de catro mil euros anuais, e a dirección da empresa mantén paralizada a negociación, e por enriba burlarse dos traballadores, ao ofrecerlle unha subida do 0,5%, por debaixo do IPC na última proposta hai meses.

Dende o ano 2022, XEAL recibiu máis de 30 millóns de euros en axudas públicas das distintas administracións, segundo o rexistro público do Sistema Estatal de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas. O resultado económico da empresa no ano 2024, foi duns beneficios despois de impostos de 23.414.404,58 millóns de euros.

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 18:23:54
Nº Rexistro: 50917
Data envio: 16/02/2026 18:23:54.947

Todas estas cifras deixan en papel mollado a tan manida e pregoada Lei 2/2024, de 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galiza, aprobada polo partido popular.

Ante esta situación, é preciso que a Xunta tome en consideración as reivindicacións do comité de traballadores de XEAL, no que respecta á negociación colectiva como á atención que debe poñer Augas de Galiza cumprindo a sentenza sobre as cláusulas de vinculación de actividades nas concesións hidroeléctricas nos seus estritos termos, obrigando á empresa concesionaria a aumentar a produción de materiais ferroaliados, ata chegar ao número de empregos existentes na data de interposición da demanda, 293 traballadores, e en caso contrario rescindir e reverter algunhas das concesións hidroeléctricas, e volvelas a sacar a concurso para que sexan outras empresas as que opten a esa produción enerxética co obxectivo de crear outro tipo de empresas e novos postos de traballo na comarca.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento insta o a Xunta de Galiza a:

1º- Chamar ás partes a negociar o convenio de boa fe para chegar a un acordo satisfactorio para todos.

2º- Esixir da empresa a posta en marcha de todos os fornos e a cobertura de todos os postos de traballo destruídos dende 2019: plantilla, emprego eventual e auxiliares.

3º- Vixiar o cumprimento da obriga de crear novos empregos no proxecto subvencionado da planta de conversión de madeira en carbón vexetal.

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 18:23:54
Nº Rexistro: 50917
Data envio: 16/02/2026 18:23:54.947

4º- Exercer as funcións de control e supervisión do cumprimento das cláusulas de vinculación de actividades, para esixir o mantemento do emprego, recuperar a actividade dos fornos ou, se procedese, reverter os dereitos de explotación".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 18:23:54
Nº Rexistro: 50917
Data envio: 16/02/2026 18:23:54.947

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 16/02/2026 18:21:12
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/02/2026 18:21:18
Ramón Fernández Alfonzo na data 16/02/2026 18:21:26
José Manuel Golpe Acuña na data 16/02/2026 18:21:33
Ana Pontón Mondelo na data 16/02/2026 18:21:40

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 18:23:54
Nº Rexistro: 50917
Data envio: 16/02/2026 18:23:54.947

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 18:23:55

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50922
Data envio: 16/02/2026 18:44:39.645

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Rosana Pérez Fernández** e do deputado **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, relativa á situación de deterioro e de falta de servizos na que a Xunta de Galiza mantén a estación de autobuses da Pobra do Caramiñal.

Asinado o día 16/02/2026 ás 18:44
Por Paulo Ríos Santomé

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Resolución do 14 de xaneiro do 2002, DOG do día 22, da daquela Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, anunciaba a licitación do concurso para a concesión da explotación dos servizos públicos da estación de autobuses da Pobra do Caramiñal que finalmente se inaugurou a primeiros de outubro dese mesmo ano.

As súas instalacións, de arredor de 1.000 metros cadrados, supuxeron un investimento de máis de 300.000 euros , contan cun espazo para cafetaría, unha zona de agarda para as e os pasaxeiros, catro andéns e tamén catro taquillas para o despacho de billetes.

En case 24 anos de existencia, o que comezou sendo un servizo necesario e longamente agardado pola veciñanza da Pobra e que, como calquera outro servizo público, debera ir evolucionando e mellorando para dispoñer de cada vez maiores e mellores prestacións, foise deteriorando paulatinamente diante do abandono absoluto por parte da súa administración titular, a Xunta de Galiza.

Asinado o día 16/02/2026 ás 18:43
Por Rosana Pérez Fernández

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50922
Data envio: 16/02/2026 18:44:39.645

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non só non houbo melloras nas instalacións e nos servizos, senón que apenas houbo mantemento dos mesmos, ata chegar ao punto de ter que facerse cargo o Concello da limpeza habitual no recinto.

A día de hoxe as condicións nas que se atopan as instalacións e o seu exterior, ubicadas en pleno casco urbano da Pobra do Caramiñal, son verdadeiramente deplorábeis, agravándose nos últimos anos de xeito manifesto e sen que se vexa sequera intención por parte do Goberno galego de comezar a melloralas e a recuperar ao cento por cen a actividade das mesmas.

O interior do inmóbel permanece pechado dende hai anos, o servizo de cafetaría, que levaba aparellado a apertura e peche do local, tampouco existe na actualidade, impedíndose o acceso ao interior dos usuarios e usuarios, nin sequera aos baños cos que conta.

Foi este avanzado e evidente deterioro a razón pola que o Grupo Parlamentario do BNG presentou unha emenda aos orzamentos da Xunta para o actual 2026, propoñendo unha partida orzamentaria de 300.000 euros para o arranxo integral das instalacións e a posta en funcionamento de todos os servizos da estación de autobuses. Proposta que, como tantas outras, foi rexeitada polo Grupo Popular no Parlamento galego e que volve incidir no desleixo da Xunta de Galiza de cara á mellora deste servizo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a facerse cargo da totalidade das instalacións da súa titularidade correspondentes á estación de autobuses da Pobra do

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50922
Data envio: 16/02/2026 18:44:39.645

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Caramiñal, a levar a cabo o seu arranxo, o seu mantemento, a súa limpeza e iluminación e a poñer en funcionamento e a disposición da cidadanía todos os servizos cos que conta.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica.

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50922
Data envio: 16/02/2026 18:44:39.645

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 16/02/2026 18:43:14

Paulo Ríos Santomé na data 16/02/2026 18:44:06

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50922
Data envio: 16/02/2026 18:44:39.645

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 18:44:40

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 09:56:40
Nº Rexistro: 50929
Data envio: 18/02/2026 09:56:40.767

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 18/02/2
09:47
Por Alexandra Fernár

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Paulo Ríos Santomé, Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez** e **Brais Ruanova Vilas-Boas,** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre as medidas necesarias para facer do transporte de ría un servizo de titularidade pública.

Por Luis Bará Torres

Asinado o día 18/02/2026 ás
09:47
Por Carmela González Iglesias

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo debe xogar un papel fundamental na Galiza do futuro. É necesario poñer o transporte público, tanto por estrada como por ferrocarril, ao servizo da pobo galego e ao servizo da vertebración do noso territorio nacional.

Hoxe entendemos os múltiples beneficios que ten gozar dun servizo de transporte público, reducir así o uso do transporte privado e, polo tanto, rebaixar as emisións de gases contaminantes axudando na loita contra o cambio climático.

Alén desta cuestión, o transporte público e unha mobilidade moderna, áxil e útil para o pobo galego debe ser vista coma un dereito e como un elemento vertebrador e democratizador da nosa sociedade.

Asinado o día 18/02/2026 ás
09:47
Por Paulo Ríos Santomé

Neste sentido, o transporte de ría tórnase central nas vilas e comarcas que dispoñen del, sendo unha modalidade de transporte máis áxil e que permite albergar un maior número de usuarios e usuarias por viaxe que o transporte por estrada.

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 09:56:40
Nº Rexistro: 50929
Data envio: 18/02/2026 09:56:40.767

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante o carácter estratéxico deste servizo é necesario camiñar cara a titularidade pública do transporte de ría e equiparala con outras modalidades de transporte interurbano, hoxe en mans da Xunta de Galiza no caso do transporte interurbán por estrada ou o transporte ferroviario en mans do Estado español.

Así pois, a Xunta de Galiza debe desenvolver unha serie de accións para acadar a titularidade pública deste servizo, blindando así a súa continuidade e a atención ás necesidades dos usuarios e usuarias deste transporte.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a dar os pasos necesarios para acadar a titularidade pública do transporte de ría."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 09:56:40
Nº Rexistro: 50929
Data envio: 18/02/2026 09:56:40.767

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 18/02/2026 9:47:32

Carmela González Iglesias na data 18/02/2026 9:47:39

Alexandra Fernández Gómez na data 18/02/2026 9:47:48

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 18/02/2026 9:47:58

Luis Bará Torres na data 18/02/2026 9:48:16

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 09:56:40
Nº Rexistro: 50929
Data envio: 18/02/2026 09:56:40.767

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 9:56:41

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:14:38
Nº Rexistro: 50934
Data envio: 18/02/2026 10:14:38.911

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 18/02/2
10:09
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé**, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, relativa ás medidas a adoptar por parte do Goberno galego para reforzar o transporte por estrada na comarca do Morrazo ante a suspensión do transporte de ría por mor do mal tempo.

Asinado o día 18/02/2026 ás
10:09
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo debe xogar un papel fundamental na Galiza do futuro. É necesario poñer o transporte público, tanto por estrada como por ferrocarril, ao servizo da pobo galego e ao servizo da vertebración do noso territorio nacional.

Hoxe entendemos os múltiples beneficios que ten gozar dun servizo de transporte público, reducir así o uso do transporte privado e, polo tanto, rebaixar as emisións de gases contaminantes axudando na loita contra o cambio climático.

No caso concreto da comarca do Morrazo, especialmente se falamos dos concellos de Cangas e de Moaña, a mobilidade non se entendería sen o transporte de ría, modalidade moi utilizada pola veciñanza para os seus desprazamentos a Vigo, cidade de referencia para múltiples cometidos, tanto para ocio, citas médicas, traballo etc.

Asinado o día 18/02/2026 ás
10:08
Por Paulo Ríos Santomé

Se ben, a titularidade deste servizo debera ser pública, cuestión que foi e será motivo de diferentes iniciativas, cando existen condicións meteorolóxicas adversas e esta modalidade de transporte non pode ser utilizada, son moitas as incidencias que se rexistran no transporte público por estrada por unha mala previsión da Xunta de Galiza.

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:14:38
Nº Rexistro: 50934
Data envio: 18/02/2026 10:14:38.911

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É así que cando se dan estas circunstancias, moitos usuarios e usuarias quedan sen prazas nos autobuses, co prexuízo que iso supón á hora de chegar en tempo ás aulas, citas médicas ou centros de traballo que se atopan fundamentalmente na cidade de Vigo.

Entre as responsabilidades da Xunta de Galiza no referido ao transporte público é fundamental a da planificación do transporte, debendo ser quen de ter previsión de incidencias desta índole e garantir solucións áxiles aos usuarios e usuarias a través dos reforzos de autobuses nas horas punta de ida e de volta.

Estas son as razóns que levan ao GP do BNG a formular a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a a levar a cabo unha maior planificación na necesidade de reforzos de transporte na comarca do Morrazo, garantindo a suficiencia de prazas”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:14:38
Nº Rexistro: 50934
Data envio: 18/02/2026 10:14:38.911

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 18/02/2026 10:08:55
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/02/2026 10:09:02
Luis Bará Torres na data 18/02/2026 10:09:08

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:14:38
Nº Rexistro: 50934
Data envio: 18/02/2026 10:14:38.911

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 10:14:40

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:24:06
Nº Rexistro: 50940
Data envio: 18/02/2026 10:24:06.280

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 18/02/2
10:22
Por Ana Pontón Monc

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Iago Suárez Fernández** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre as medidas a tomar polo goberno galego para garantir a plena igualdade no ámbito dos deportes de remo.

Asinado o día 18/02/2026 ás
10:22
Por Noa Presas Bergantiños

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza é un país coñecido e recoñecido internacionalmente polo seu alto nivel no que respecta aos deportes que se realizan no medio acuático. Neste sentido, o remo e máis concretamente as traiñeiras é un deporte en que Galiza destaca como unha verdadeira potencia sendo así as nosas deportistas un auténtico orgullo.

A este respecto, desde o Grupo Parlamentar do BNG consideramos que a acción gobernativa da Xunta de Galiza debe acompañar a axudar no que puider a excelencia que as e os deportistas mostran cada vez que saen ao mar adestrar ou competir.

Así, é innegábel que, hoxe por hoxe, existen eivas importantes sobre todo no relativo á falta de igualdade real e efectiva entre homes e mulleres no ámbito de actuación da Federación Galega de Remo. A disparidade de distancias en competición, as diferenzas nas retribucións económicas ou a falta de material adaptado para o remo feminino dan boa conta de que aínda hai un longo camiño para a consecución da igualdade neste ámbito.

Asinado o día 18/02/2026 ás
10:22
Por Iago Suárez Fernández

Para alén diso, consideramos que é imperioso que a Secretaría Xeral para o Deporte inicie unha rolda de contactos cos clubes, especialmente aqueles que contan con disciplina feminina, para coñecer de primeira man as necesidades e peticións do

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:24:06
Nº Rexistro: 50940
Data envio: 18/02/2026 10:24:06.280

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

remo galego. Tendo en conta que a Liga Galega de Traiñeiras está financiada pola Xunta de Galiza, é máis que necesario que se vele pola erradicación total das desigualdades e que se teña en conta a opinión das deportistas e dos clubes.

A loita pola igualdade real e efectiva no deporte demóstrase con feitos, non só con declaracións. A Xunta de Galiza e en concreto a Secretaría Xeral para o Deporte conta con todas as ferramentas necesarias para conseguir avanzar nesta materia polo que non facelo só demostra falta de vontade política, algo que, a ollos do grupo parlamentar do BNG, non é de recibo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Exixir á Liga Galega de Traiñeiras a recuperación da igualdade da liga feminina a respecto da masculina no relativo á distancia de competición e asegurar a igualdade nas retribucións económicas.

2. Promover e publicar antes da fin da XII Lexislatura unha liña de axudas aos clubes para a adquisición de material deportivo de remo adaptado ás necesidades da categoría feminina.

3. Iniciar no actual período de sesións unha rolda de contactos cos clubes baixo a disciplina da Federación Galega de Remo para coñecer as súas peticións e necesidades.

4. Promover activamente a igualdade real e efectiva no remo galego."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:24:06
Nº Rexistro: 50940
Data envio: 18/02/2026 10:24:06.280

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 18/02/2026 10:22:05
Noa Presas Bergantiños na data 18/02/2026 10:22:11
Ana Pontón Mondelo na data 18/02/2026 10:22:17

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:24:06
Nº Rexistro: 50940
Data envio: 18/02/2026 10:24:06.280

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 10:24:07

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:48:28
Nº Rexistro: 50959
Data envio: 18/02/2026 10:48:28.296

Asinado o día 18/02/2
10:46
Por José Manuel Golp

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo, Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Xosé Manuel Golpe Acuña**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre o soterramento da liña de alta tensión Cornido – Navantia no barrio ferrolán de Caranza.

Asinado o día 18/02/2026 ás
10:46
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A liña eléctrica aérea de 132 kV que une as subestacións de Cornido, no concello de Narón, e a subestación Navantia, no concello de Ferrol, discorre paralela ao litoral do barrio ferrolán de Caranza, atravesando unha zona de alta densidade urbana e de intenso uso recreativo e residencial da costa.

O trazado actual da liña ten un forte impacto paisaxístico negativo, xa que desmellora a imaxe litoral dun entorno de gran valor ambiental e patrimonial, conflitivo coa potencialidade turística e de uso público da beira mar. A presenza de torres metálicas e condutores aéreos de alta tensión fractura a continuidade paisaxística e dificulta a integración da liña na morfoloxía urbana consolidada de Caranza.

Asinado o día 18/02/2026 ás
10:46
Por Ramón Fernández Alfonzo

Do punto de vista urbanístico e de ordenación do territorio, a liña en traza aérea limita actuacións de rehabilitación urbana, reordenación do litoral e mellora de espazos públicos, que poderían revalorizar a zona e mellorar a permeabilidade e a conectividade da costa.

A liña tamén afecta á calidade de vida dos veciños e veciñas do barrio de Caranza, xa que a súa presenza xera unha percepción de incerteza e risco, aínda que se

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:48:28
Nº Rexistro: 50959
Data envio: 18/02/2026 10:48:28.296

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conte cos estándares de seguridade aplicables, e condiciona o uso cotián de parques, paseos e zonas próximas ao mar.

O soterramento de infraestruturas de alta tensión en contornas urbanas e de especial sensibilidade ambiental é unha práctica recomendada en múltiples ámbitos e exemplos de outras comunidades, co fin de reducir impactos visuais, mellorar a seguridade e integrar de forma sostible as redes de distribución de enerxía.

A solicitude de soterramento desta liña é coherente coa transición ecolóxica, co compromiso coa protección do paisaxe litoral e co dereito dos cidadáns a un entorno de alta calidade paisaxística e ambiental, así como coa necesidade de compatibilizar infraestruturas de transporte de enerxía con criterios de ordenación do territorio e de desenvolvemento urbano sostible

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento de Galiza, insta a Xunta de Galiza a:

Primeiro. Impulsar diante das empresas eléctricas responsables, a tramitación dun proxecto de soterramento da liña de 132 kV que discorre polo litoral do barrio de Caranza, no concello de Ferrol, coa máxima urxencia.

Segundo. Demandar que, na tramitación do referido proxecto, se garanta o cumprimento de normativa ambiental e de paisaxe, así como a participación pública e a consulta previa aos concellos de Narón e Ferrol, e de toda a veciñanza afectada, co obxectivo de garantir a mellora da calidade de vida e do entorno litoral."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:48:28
Nº Rexistro: 50959
Data envio: 18/02/2026 10:48:28.296

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/02/2026 10:46:25
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 18/02/2026 10:46:32
José Manuel Golpe Acuña na data 18/02/2026 10:46:41
Ana Pontón Mondelo na data 18/02/2026 10:46:47

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:48:28
Nº Rexistro: 50959
Data envio: 18/02/2026 10:48:28.296

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 10:48:29

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:56:20
Nº Rexistro: 50965
Data envio: 18/02/2026 10:56:20.320

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 18/02/2
10:54
Por Rosana Pérez Fe

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres**, **Daniel Castro García** e da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o convenio coas universidades galegas para o desenvolvemento da análise da incidencia do cambio climático na costa galega.

Asinado o día 18/02/2026 ás
10:54
Por Daniel Castro García

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En decembro de 2021 a Consellaría de Medio Ambiente asinou un convenio coas tres universidades públicas galegas para o desenvolvemento da análise da incidencia do cambio climático na costa galega. A achega da consellaría para este convenio foi de 159.000 euros, repartidos nas anualidades de 2021 e 2022. Tiña vixencia até o 31 de decembro de 2022, coa opción dunha prórroga de seis meses.

Este convenio está relacionado coas previsións da disposición adicional oitava da lei 2/2013 de protección e uso sustentable do litoral e de modificación da lei 22/1998 de Costas. E, en consecuencia, do previsto en instrumentos como o PIMA Adapta Costas e a Estratexia de Adaptación da Costa Española ao Cambio Climático.

Asinado o día 18/02/2026 ás
10:54
Por Luis Bará Torres

Como a Xunta considerou que a metodoloxía sobre a previsible incidencia do cambio climático na costa elaborada polo Ministerio en colaboración coa Fundación Instituto de Hidráulica Ambiental de Cantabria non se axustaba á realidade da costa galega, acordouse a elaboración dunha metodoloxía propia:

"debido á configuración das rías galegas e a que o Ministerio indica a posibilidade de utilizar outras proxeccións distintas ás utilizadas polo IH, decidiuse que

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:56:20
Nº Rexistro: 50965
Data envio: 18/02/2026 10:56:20.320

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

era necesario realizar un estudio específico para a costa de Galicia, desenvolvendo unha metodoloxía propia baseada no coñecemento da realidade galega e nas ferramentas de proxeccións climáticas das que dispón a Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático".

O obxecto do convenio era o seguinte:

1. Definir a metodoloxía para o estudo de riscos da costa fronte ao cambio climático.

1.1. Desenvolvemento de dinámicas de alta resolución para aplicar tanto no exterior como no interior das rías galegas, tendo en conta a erosión e a inundación.

1.2. Definir a metodoloxía para a avaliación da exposición e vulnerabilidade de activos naturais e dos activos socioeconómicos da costa de Galicia.

2. Construción dun Visor de cambio climático.

3. Análise da incidencia do cambio climático nas costas de Galicia.

3.1 Análise da perigosidade asociada á inundación e erosión.

3.2 Exposición e vulnerabilidade nas rías.

3.2.1 Sectores económicos.

3.2.2 Ecosistemas naturais.

3.3 Estudos de morfodinámica no interior dos estuarios.

4. Desenvolvemento de novas dinámicas axustadas aos modelos xerais obtidos no CMIP6.

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:56:20
Nº Rexistro: 50965
Data envio: 18/02/2026 10:56:20.320

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Desenvolvemento dunha metodoloxía para ter en conta nas inundacións costeiras a interacción coas crecidas e asolagamentos producidos polos ríos na súa desembocadura.

6. Actualización do visor a partir das dinámicas actualizadas segundo os modelos do CMIP6 e da metodoloxía actualizada de inundacións costeiras.

7. Actualización da análise da incidencia do cambio climático nas costas de Galicia a partir das dinámicas actualizadas segundo os modelos do CMIP6 e da metodoloxía actualizada de inundacións costeiras.

8. Xestión do proxecto.

8.1 Coordinación.

8.2 Elaboración e revisión do informe final.

O convenio asinado establecía que "Durante os meses de outubro a decembro de 2022 elaboraranse o informe final, o resumo executivo e a documentación para a presentación e difusión do proxecto".

Transcorridos máis de tres anos do final do convenio, non se coñecen os resultados do mesmo, nin as actuacións que se levaron a cabo en virtude do contido do informe final. Estes documentos foron solicitados ao abeiro do artigo 9 do regulamento do parlamento e a Xunta non os enviou.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento insta a Xunta a:

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:56:20
Nº Rexistro: 50965
Data envio: 18/02/2026 10:56:20.320

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1 .Dar conta do informe final e do resumo executivo do convenio para o desenvolvemento da análise da incidencia do cambio climático na costa galega, e publicalos no portal de transparencia.

2. Presentar un informe sobre as actuacións realizadas na costa galega desde o ano 2017 para previr a incidencia do cambio climático.

3. Elaborar e aprobar no presente ano 2026 o Plan de Adaptación da Costa Galega ao Cambio Climático".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:56:20
Nº Rexistro: 50965
Data envio: 18/02/2026 10:56:20.320

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 18/02/2026 10:54:38

Daniel Castro García na data 18/02/2026 10:54:44

Rosana Pérez Fernández na data 18/02/2026 10:54:50

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:56:20
Nº Rexistro: 50965
Data envio: 18/02/2026 10:56:20.320

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 10:56:21

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 11:31:29
Nº Rexistro: 50972
Data envio: 18/02/2026 11:31:29.442

Asinado o día 18/02/2
11:15
Por José Ramón Gón

PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Exposición de motivos

Asinado o día 18/02/2026 ás
11:14
Por Silvia Longueira Castro

A Xunta de Galicia puxo en marcha a Rede de Acompañamento e Orientación Persoal e Familiar de Galicia (RAOGAL) no marco do Plan Recupera, creando unha estrutura de apoio educativo orientada ao acompañamento do alumnado e das familias en situacións de especial vulnerabilidade e risco de abandono, con capacidade de coordinación directa con outros sistemas públicos.

A rede desenvolveuse mediante Unidades de Acompañamento e Orientación Persoal e Familiar (UACO), cunha distribución territorial por ámbitos comarcais e cun centro base, atendendo primaria e secundaria, e funcionando como recurso especializado ao que derivaban os departamentos de orientación dos centros cando os casos excedían o estritamente educativo e requirían intervención interinstitucional.

Asinado o día 18/02/2026 ás
11:14
Por Aitor Bouza Manso

Porén, a comunidade educativa e as familias veñen denunciando que a Xunta decidiu en verán a supresión de RAOGAL, deixando sen alternativa a centros e alumnado vulnerable e interrompendo un dispositivo que, segundo as propias valoracións realizadas pola comunidade educativa arredor do seu funcionamento, contribuía a descargar tarefas do profesorado e a dar resposta máis integral aos casos complexos.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 11:31:29
Nº Rexistro: 50972
Data envio: 18/02/2026 11:31:29.442

PSG DE PSOE

Cómpre lembrar, ademais, que este tipo de unidades de acompañamento encaixan co deseño do propio programa estatal de Unidades de Acompañamento e Orientación de cooperación territorial, destinado a alumnado en risco de repetición e abandono, e que a súa continuidade require vontade política e dotación estable.

A orientación educativa e o acompañamento socioeducativo son pezas esenciais para a inclusión. Por todo o anterior, resulta imprescindible reactivar RAOGAL con fondos propios da Xunta, garantindo continuidade, estabilidade do persoal e cobertura territorial, e reforzando a coordinación cos servizos públicos implicados.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Reactivar de inmediato a Rede de Acompañamento e Orientación Persoal e Familiar de Galicia (RAOGAL) para o curso en vigor e os seguintes, garantindo a súa continuidade como servizo estable de acompañamento socioeducativo.
2. Dotar RAOGAL con financiamento propio suficiente, incorporando unha partida específica nos Orzamentos da Xunta de Galicia que asegure o seu funcionamento e a estabilidade do servizo.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 11:31:29
Nº Rexistro: 50972
Data envio: 18/02/2026 11:31:29.442

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 18/02/2026 11:14:46
Silvia Longueira Castro na data 18/02/2026 11:14:53
José Ramón Gómez Besteiro na data 18/02/2026 11:15:00

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 11:31:29
Nº Rexistro: 50972
Data envio: 18/02/2026 11:31:29.442

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 11:31:30

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 11:32:08
Nº Rexistro: 50974
Data envio: 18/02/2026 11:32:08.028

Asinado o día 18/02/2
11:15
Por José Ramón Gón

PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Exposición de motivos

Asinado o día 18/02/2026 ás
11:15
Por Silvia Longueira Castro

A Xunta de Galicia puxo en marcha a Rede de Acompañamento e Orientación Persoal e Familiar de Galicia (RAOGAL) no marco do Plan Recupera, creando unha estrutura de apoio educativo orientada ao acompañamento do alumnado e das familias en situacións de especial vulnerabilidade e risco de abandono, con capacidade de coordinación directa con outros sistemas públicos.

A rede desenvolveuse mediante Unidades de Acompañamento e Orientación Persoal e Familiar (UACO), cunha distribución territorial por ámbitos comarcais e cun centro base, atendendo primaria e secundaria, e funcionando como recurso especializado ao que derivaban os departamentos de orientación dos centros cando os casos excedían o estritamente educativo e requirían intervención interinstitucional.

Asinado o día 18/02/2026 ás
11:15
Por Aitor Bouza Manso

Porén, a comunidade educativa e as familias veñen denunciando que a Xunta decidiu en verán a supresión de RAOGAL, deixando sen alternativa a centros e alumnado vulnerable e interrompendo un dispositivo que, segundo as propias valoracións realizadas pola comunidade educativa arredor do seu funcionamento, contribuía a descargar tarefas do profesorado e a dar resposta máis integral aos casos complexos.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 11:32:08
Nº Rexistro: 50974
Data envio: 18/02/2026 11:32:08.028

PSG DE PSOE

Cómpre lembrar, ademais, que este tipo de unidades de acompañamento encaixan co deseño do propio programa estatal de Unidades de Acompañamento e Orientación de cooperación territorial, destinado a alumnado en risco de repetición e abandono, e que a súa continuidade require vontade política e dotación estable.

A orientación educativa e o acompañamento socioeducativo son pezas esenciais para a inclusión. Por todo o anterior, resulta imprescindible reactivar RAOGAL con fondos propios da Xunta, garantindo continuidade, estabilidade do persoal e cobertura territorial, e reforzando a coordinación cos servizos públicos implicados.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a presentar no Parlamento, no prazo máximo de 2 meses, un informe de avaliación do funcionamento de RAOGAL durante os cursos nos que se desenvolveu, con indicadores, resultados, cobertura territorial, perfís profesionais e necesidades detectadas, así como unha proposta de mellora e expansión.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 11:32:08
Nº Rexistro: 50974
Data envio: 18/02/2026 11:32:08.028

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 18/02/2026 11:15:10
Silvia Longueira Castro na data 18/02/2026 11:15:15
José Ramón Gómez Besteiro na data 18/02/2026 11:15:22

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 11:32:08
Nº Rexistro: 50974
Data envio: 18/02/2026 11:32:08.028

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 11:32:09

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 12:13:31
Nº Rexistro: 51004
Data envio: 18/02/2026 12:13:31.776

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 18/02/2
12:05
Por Rosana Pérez Fe

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres**, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a avaliación dos danos producidos polos temporais na costa galega e medidas de reparación e prevención.

Asinado o día 18/02/2026 ás
12:05
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses véñense producindo diversos procesos na costa galega que teñen que ver co cambio climático (subida do nivel do mar, erosión costeira, subida da temperatura da auga, cambios na salinidade, modificacións do afloramento). Estes feitos agraváronse nas últimas semanas como consecuencia da sucesión de borrascas e temporais, que na maior parte dos casos impactaron con fortes ventos e oleaxe na costa galega.

Unha das manifestacións máis evidentes destes cambios son os derrubamentos que se producen na zona do litoral como consecuencia dos embates do mar, como os que tiveron lugar na Mariña, Valdoviño, Oleiros, Carballo e outras zonas do país.

Asinado o día 18/02/2026 ás
12:05
Por Luis Bará Torres

Tamén se produciron danos en paseos marítimos, praias, dunas, construcións, equipamentos e noutras infraestruturas costeiras.

Por outra parte, os efectos dos temporais e dos cambios no patrón climático tamén están afectando a infraestruturas viarias, como é o caso da autovía que comunica Pontevedra e Marín, que discorre polo dominio público marítimo terrestre en terreos gañados ao mar.

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 12:13:31
Nº Rexistro: 51004
Data envio: 18/02/2026 12:13:31.776

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O goberno galego ten as competencias na ordenación e xestión do litoral, polo que debe levar a cabo medidas de avaliación e reparación dos danos así como de prevención de futuros efectos negativos dos temporais e do cambio climático na costa galega.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento insta a Xunta a:

1.Facer unha avaliación dos danos que se produciron na costa galega como consecuencia dos temporais e borrascas dos meses de novembro e decembro de 2025 e xaneiro e febreiro de 2026. Nesta avaliación teránse en conta os danos na orografía, ecosistemas costeiros, praias, dunas, paseos marítimos, sendas, peiraos, bens e equipamentos públicos, servizos e rede viaria. E incluirase un apartado sobre bens privados que resultaron afectados polos temporais.

2.Aprobar un programa de reparación dos danos producidos, que se poderá desenvolver mediante actuacións directas de emerxencia ou en colaboración con outras entidades (concellos, deputacións, mancomunidades, etc.)

3. Aprobar unha estratexia de prevención e protección da costa galega fronte á incidencia do cambio climático.

4. Demandar do goberno central a colaboración económica, técnica e de outros medios para levar a cabo as medidas enumeradas nos puntos anteriores."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 12:13:31
Nº Rexistro: 51004
Data envio: 18/02/2026 12:13:31.776

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 18/02/2026 12:05:03

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/02/2026 12:05:13

Rosana Pérez Fernández na data 18/02/2026 12:05:20

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 12:13:31
Nº Rexistro: 51004
Data envio: 18/02/2026 12:13:31.776

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 12:13:33

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 12:57:19
Nº Rexistro: 51016
Data envio: 18/02/2026 12:57:19.569

Asinado o día 18/02/2
12:54
Por José Ramón Gón

PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Exposición de motivos

Asinado o día 18/02/2026 ás
12:54
Por Silvia Longueira Castro

As infraestruturas educativas constitúen unha peza esencial do sistema público de ensino. Non se trata unicamente de edificios, senón de espazos onde se desenvolve o proceso de aprendizaxe, convivencia e socialización de miles de alumnos e alumnas, así como o labor profesional do persoal docente e non docente. A calidade destes espazos inflúe directamente nas condicións pedagóxicas, no rendemento académico, na seguridade e no benestar da comunidade educativa.

Unha planificación rigorosa das obras nos centros educativos é, por tanto, imprescindible. A ausencia dunha programación clara, con criterios obxectivos e transparentes, provoca desigualdades territoriais, atrasos nas actuacións necesarias e intervencións reactivas en lugar de preventivas. Planificar significa anticiparse ás necesidades derivadas do crecemento demográfico, da evolución das metodoloxías educativas, da dixitalización, da eficiencia enerxética, da accesibilidade universal ou da adaptación ao cambio climático.

Asinado o día 18/02/2026 ás
12:54
Por Aitor Bouza Manso

Moitos centros educativos galegos presentan carencias estruturais que veñen sendo denunciadas polas ANPAs, equipos directivos, profesorado e concellos: cubertas con filtracións, problemas de calefacción, instalacións eléctricas

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 12:57:19
Nº Rexistro: 51016
Data envio: 18/02/2026 12:57:19.569

PSG PSOE

obsoletas, barreiras arquitectónicas, patios sen acondicionar, falta de espazos específicos para atención á diversidade, deficiencias en eficiencia enerxética ou ampliacións necesarias pola evolución da matrícula. Estas situacións non poden abordarse de maneira improvisada nin depender da presión social puntual, senón que requiren unha estratexia global, ordenada e sostida no tempo.

Ademais, a correcta planificación das infraestruturas educativas contribúe tamén á equidade territorial, evitando que existan concellos ou comarcas sistematicamente preteridas no investimento público. Unha política pública responsable debe basearse en datos obxectivos, avaliacións técnicas e criterios de necesidade real.

Porén, non existe un instrumento público, sistematizado e accesible que permita coñecer con claridade e detalle cal foi o volume real de investimentos executados en cada centro educativo galego dende o ano 2009 ata a actualidade, nin tampouco a súa distribución territorial nin anual.

A transparencia na execución orzamentaria e na planificación das infraestruturas educativas resulta fundamental para avaliar o compromiso real do Goberno galego co ensino público, así como para garantir criterios de equidade territorial e planificación obxectiva baseada en necesidades reais e non en decisións discrecionais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar e remitir ao Parlamento de Galicia no prazo de 2 meses un informe detallado e completo no que se recollan todas as obras realizadas en centros educativos públicos de Galicia

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 12:57:19
Nº Rexistro: 51016
Data envio: 18/02/2026 12:57:19.569

PSG DE PSOE

dende o ano 2009 ata a actualidade, desagregada por anos e por concellos que inclúa cando menos:

a) Relación individualizada de cada centro educativo.
b) Descrición da actuación realizada.
c) Importe orzamentado e importe finalmente executado.
d) Fonte de financiamento.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 12:57:19
Nº Rexistro: 51016
Data envio: 18/02/2026 12:57:19.569

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 18/02/2026 12:54:45

Silvia Longueira Castro na data 18/02/2026 12:54:51

José Ramón Gómez Besteiro na data 18/02/2026 12:54:58

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 12:57:19
Nº Rexistro: 51016
Data envio: 18/02/2026 12:57:19.569

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 12:57:20

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 13:10:32
Nº Rexistro: 51036
Data envio: 18/02/2026 13:10:32.629

Asinado o día 18/02/2
13:05
Por Silvia Longueira C

PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro** e **Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto nos artigos 160 e seguintes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Exposición de motivos

Asinado o día 18/02/2026 ás
13:05
Por Lara Méndez López

A ciencia, o coñecemento e a innovación son piares fundamentais para o desenvolvemento socioeconómico e o benestar da sociedade galega. Galicia experimentou nos últimos anos un notable crecemento na actividade de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i), alcanzando cifras históricas de investimento e emprego neste ámbito.

No Debate sobre o Estado da Autonomía de Galicia de 2025, o presidente da Xunta, o Sr. Rueda, comprometeuse de maneira explícita co inicio da elaboración dunha nova lei de ciencia e innovación de Galicia que permita actualizar, consolidar e reforzar o marco normativo existente, adaptándoo aos retos tecnolóxicos, ambientais e de globalización, e colocándoo á altura da lexislación máis punteira de Europa neste ámbito.

Asinado o día 18/02/2026 ás
13:05
Por Aitor Bouza Manso

Este compromiso non é novo no horizonte político galego, toda vez que xa no ano 2023, o goberno da Xunta de Galicia, a través do seu propio presidente Rueda, anunciou o inicio da tramitación do anteproxecto dunha lei de ciencia e innovación, co obxectivo de mellorar a competitividade dos sistemas de I+D+i galegos, facilitar a transformación do coñecemento científico en solucións reais e internacionalizar o sector, incorporando medidas para a retención e atracción de

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 13:10:32
Nº Rexistro: 51036
Data envio: 18/02/2026 13:10:32.629

PSG DE PSOE

talento así como para a simplificación administrativa e o reforzo da cooperación entre os axentes do sistema galego de innovación.

A elaboración dunha nova lei específica para a I+D+i en Galicia responde á necesidade de dotar á nosa Comunidade dun marco normativo estable e coherente. Nesta liña e considerando o principio de que a política científica e de innovación debe ser sustentable, consensuada e adaptada ás necesidades reais do tecido produtivo e académico galego, é imprescindible que se materialice o compromiso adquirido no último Debate do Estado da Autonomía e a facilitar a participación efectiva da comunidade científica e innovadora na redacción e tramitación desta nova lei.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar e tramitar ante este Parlamento o proxecto da nova lei de ciencia e innovación de Galicia, recollendo os criterios de modernización, cohesión territorial, atracción e retención de talento, transferencia de coñecemento e simplificación administrativa, en consonancia cos compromisos e promesas realizadas dende hai anos.
2. Garantir un proceso de participación amplo e efectiva de todos os axentes do sistema galego de investigación, innovación e empresas, así como da sociedade civil, para asegurar a adecuación da normativa ás necesidades reais do ecosistema científico e tecnolóxico galego.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 13:10:32
Nº Rexistro: 51036
Data envio: 18/02/2026 13:10:32.629

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 18/02/2026 13:05:08
Lara Méndez López na data 18/02/2026 13:05:16
Silvia Longueira Castro na data 18/02/2026 13:05:21
José Ramón Gómez Besteiro na data 18/02/2026 13:05:28

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 13:10:32
Nº Rexistro: 51036
Data envio: 18/02/2026 13:10:32.629

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 13:10:33

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 13:26:17
Nº Rexistro: 51054
Data envio: 18/02/2026 13:26:17.495

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 18/02/2
13:19
Por Carmela Gonzále

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Ramón Fernández Alfonzo** e das deputadas **Carmela González Iglesias** e **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre a postura do goberno galego arredor da rescisión de contrato por parte do goberno do Uruguai co estaleiro vigués Cardama e da necesidade dun fondo público de garantías.

Por Ana Pontón Mondelo
Asinado o día 18/02/2026 ás
13:19
Por Ramón Fernández Alfonzo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A rescisión unilateral por parte do Uruguai do contrato de 82,2 millóns de euros co estaleiro vigués Cardama fíxose efectiva este febreiro de 2026, esta representa unha ameaza estratéxica para o sector naval galego. Os argumentos uruguaios céntranse en supostos "incumprimentos graves" nas garantías, acusacións ante as cales o propio estaleiro deféndese aludindo ao bo facer e á legalidade de todo o seu procedemento.

Este feito, alén de ter que ser resolto noutras instancias que non corresponden á administración galega, si que compromete a carga de traballo e, polo tanto do emprego do sector, nomeadamente na cidade de Vigo.

Súmase, este feito, no entanto ao recente fin da concesión de uso do espazo do peirao que viña ocupando Estaleiros San Enrique, así como tamén as dificultades que están pasando estaleiros como Armón, Barreras ou Metalships, que poñen de manifesto as consecuencias de terse permitido que os estaleiro funcionen, na práctica, como estaleiros de síntese.

Asinado o día 18/02/2026 ás
13:19
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
186984

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 13:26:17
Nº Rexistro: 51054
Data envio: 18/02/2026 13:26:17.495

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Após se coñecer a rescisión definitiva do contrato a resposta do goberno galego, a través do presidente foi de "apelar á prudencia" e "analizar as causas", mentres se defende o "prestixio e a potencia do naval", mais isto non é máis que unha resposta débil ante unha crise localizada nunha empresa que pode supoñer a perda de credibilidade do sector naval galego.

Tampouco se elevou o debate sobre a necesidade que dotar a Galiza, nomeadamente ao seu sector industrial dun ente público que efectúe os avais en contratos estratéxicos para sectores chave do país, cando estes se fan a nivel internacional.

Por último cómpre sinalar que a Confederación Intersindical Galega pediu reunirse coa consellería de economía e industria para abordar diversos problemas que afectan ao sector naval, nomeadamente na área de Vigo, onde a crise de Cardama non é un "problema puntual" senón o síntoma dun modelo que entrega a sorte da industria estratéxica galega ao mercado global sen protección pública algunha.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento insta o Goberno galego a cumprir os seguintes acordos:

1. Atender as demandas de reunión das forzas sindicais que o teñan solicitado para a bordar o futuro do sector naval no concreto da cidade de Vigo.

2. Poñer todo o esforzo do goberno para garantir a continuidade do emprego no sector naval na cidade de Vigo.

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 13:26:17
Nº Rexistro: 51054
Data envio: 18/02/2026 13:26:17.495

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Avanzar na creación dun Fondo Público de Garantías Industriais xestionado pola Consellería de Economía e Industria, que substitúa as entidades privadas de risco na emisión de avais para contratos estratéxicos internacionais e que vaian condicionados ao mantemento do emprego e da carga de traballo no país.

4. Dar prioridade ao apoio da construción naval civil e no desenvolvemento de tecnoloxía naval propia, aproveitando as sinerxías existentes con outros sectores como o metalmecánico ou o das TIC, en lugar de depender de contratos en construción militar vulnerables a cambios políticos.

5. Avanzar en dotar á área de Vigo dun Centro de Reparacións Navais".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 13:26:17
Nº Rexistro: 51054
Data envio: 18/02/2026 13:26:17.495

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 18/02/2026 13:19:43
Ramón Fernández Alfonzo na data 18/02/2026 13:19:49
Carmela González Iglesias na data 18/02/2026 13:19:57
Alexandra Fernández Gómez na data 18/02/2026 13:20:05
Ana Pontón Mondelo na data 18/02/2026 13:20:11

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 13:26:17
Nº Rexistro: 51054
Data envio: 18/02/2026 13:26:17.495

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 13:26:18

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 13:58:24
Nº Rexistro: 51059
Data envio: 18/02/2026 13:58:24.720

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Dolores Hermelo Piñeiro, Manuel Santos Costa, Miguel Fidalgo Iglesias, Magdalena Pérez Millares, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Raúl Santamaría González** e **Nazareth Cendán Gayoso,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Exposición de motivos

O concello de Bueu conta cunha lonxa que constitúe un elemento estratéxico para a economía local. A lonxa de Bueu non só é un espazo de comercialización, senón un motor económico, social e laboral que sostén postos de traballo directos e indirectos, e que contribúe de maneira decisiva á fixación de poboación e á dinamización do tecido produtivo local.

Nos últimos anos, a lonxa de Bueu ten experimentado unha evolución moi positiva, mellorando de forma continua o seu equipamento e as súas infraestruturas grazas ao apoio dos fondos xestionados pola consellería do mar, o que lle permitiu aumentar a súa eficiencia, a súa competitividade e a calidade dos servizos prestados aos profesionais do mar.

Esta aposta pola modernización e pola innovación contribuiu a mellorar a comercialización dos produtos pesqueiros, a garantir condicións axeitadas de seguridade e hixiene e a reforzar a imaxe do produto local nos mercados.

Non obstante, na actualidade existe unha necesidade prioritaria que require atención urxente: a reparación da cuberta da lonxa de Bueu.

Trátase dunha actuación esencial para garantir o bo funcionamento das instalacións, a seguridade dos traballadores e a continuidade da actividade nun edificio clave para o sector pesqueiro.

Asinado o día 18/02/2026 ás 13:58
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 13:58:24
Nº Rexistro: 51059
Data envio: 18/02/2026 13:58:24.720

PARLAMENTO DE GALICIA

Nos orzamentos do Ente Autónomo de Portos de Galicia do ano 2026, figura para o concello de Bueu un investimento baixo o título “reposición de cuberta e ampliación da nave de redes do porto”, cun orzamento total de 430.000 euros e unha partida inicial de 10.000 euros para o ano 2026.
Porén, existe unha solicitude expresa da confraría de pescadores de Bueu, avalada polo conxunto dos profesionais do mar do concello, que propón modificar o destino desta partida para dirixila á reparación da cuberta da lonxa, ao considerala unha actuación máis prioritaria, máis urxente e de maior impacto económico e social, xa que a actuación prevista na nave de redeiras, non é urxente, xa que o seu estado é razoablemente axeitado.

Esta proposta conta coa aceptación tanto da consellería do mar como do ente público de Portos de Galicia, o que demostra que se trata dunha solución técnica e institucionalmente viable.

Polo tanto, estamos ante unha oportunidade de axustar a planificación orzamentaria ás necesidades reais do territorio, escoitando ao sector, priorizando o investimento onde ten un maior retorno económico e social e reforzando unha infraestrutura clave para o desenvolvemento de Bueu.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que a EPE Portos de Galicia, leve a cabo a seguinte modificación no apartado de gastos do Plan de Actuacion, Investimentos e Financiamento (PAIF) dos Orzamentos Xerais do 2026 de Portos de Galicia, causando baixa a actuacion “reposición de cuberta e ampliación da nave de redes do porto”, cun orzamento total de 430.000 euros e unha partida inicial de 10.000 euros para o ano 2026. e dando de alta como sustitución, a partida “reparación da cuberta da lonxa da confraría de pescadores de Bueu”, cun orzamento total de 430.000 euros”.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 13:58:24
Nº Rexistro: 51059
Data envio: 18/02/2026 13:58:24.720

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 18/02/2026 13:58:12

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 13:58:24
Nº Rexistro: 51059
Data envio: 18/02/2026 13:58:24.720

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 13:58:26

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51061
Data envio: 18/02/2026 14:00:14.540

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 18/02/2
13:58
Por Montserrat Valcá

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa á dragaxe río Lérez.

Asinado o día 18/02/2026 ás
13:58
Por Rosana Pérez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Logo de 20 anos de promesas incumpridas, a Xunta volveu anunciar a tramitación do proxecto de dragaxe do Lérez coa apertura do prazo de presentación de alegacións ao estudo ambiental e ao proxecto técnico da actuación.

Este mesmo trámite xa se levara a cabo a comezos do ano 2017 coa publicación no DOG do anteproxecto da dragaxe e do estudo de impacto ambiental e a apertura do período de exposición pública para a presentación de alegacións. En relación co impacto ambiental das obras, as confrarías manifestaron a súa discrepancia coa previsión de depositar máis de 221.000 toneladas de sedimentos ao oeste da illa de Tambo e nos bancos marisqueiros ente Campelo e Combarro.

No mes de abril de 2019, Portos de Galiza anunciou a intención de cambiar a zona de vertido dos depósitos, trasladándoa ao exterior da ría. Mais non houbo noticias sobre a modificación do proxecto, sobre o orzamento e sobre o prazo para levalo a cabo. A comezos de xuño de 2019, Portos fixo pública a través dun medio de comunicación a intención de trasladar os depósitos a un punto de vertido situado na ría de Arousa, nas proximidades da illa de Sálvora, proposta que suscitou o rexeitamento unánime do sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Arousa.

Asinado o día 18/02/2026 ás
13:58
Por Luis Bará Torres

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51061
Data envio: 18/02/2026 14:00:14.540

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No mesmo mes de xuño de 2019, o parlamento de Galiza aprobou unha proposición non de lei na que se instaba á Xunta á elaboración, conforme a normativa vixente e ás directrices existentes respecto deste tipo de actuacións, dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito de materiais procedentes do dragado do río Lérez, de tal forma que se garante que estes non afectarán a ningunha das rías galegas, en especial á ría de Arousa.

A Comisión 2 do parlamento galego aprobou por unanimidade o 15 de xaneiro de 2020 o seguinte acordo: "O Parlamento insta a Xunta de Galicia a realizar una proposta para a retirada e tratamento en terra dos lodos procedentes da dragaxe da canle do río Lérez que pola súa potencial carga contaminante ou prexudicial non sexan susceptíbeis de ser utilizados para a rexeneración doutras zonas da ría".

A realidade é que ningún destes acordos foi tido en conta polo goberno galego, que seguiu defendendo a capa e espada a alternativa de botar ao mar -nas inmediacións da illa de Sálvora- os materiais recollidos na dragaxe.

Coa nova tramitación do proxecto vaise incrementar a cantidade de lamas e áridos recollidos até as 500.000 toneladas. E aínda que a Xunta insiste en que se trata de materiais inocuos, a realidade é que non se fixo público ningún estudo sobre a composición e potencial presenza de materiais de risco.

Cómpre ter en conta que se trata dunha zona sensíbel, afectada durante décadas polos vertidos de grandes industrias do sector químico e da madeira (ENCE, Cross, Tafisa) e tamén polos vertidos de orixe urbana. Cabe invocar polo tanto o principio de precaución para evitar o vertido ao mar dos residuos potencialmente perigosos.

Nestes sentido, cómpre lembrar que no ano 2017 desbotouse o depósito de áridos procedentes da dragaxe en augas interiores da ría de Pontevedra, pola forte

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51061
Data envio: 18/02/2026 14:00:14.540

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

oposición do sector pesqueiro-marisqueiro-acuícola. A razón desta oposición radicaba precisamente en considerar que eses materiais non eran aptos para ser depositados no interior da ría. No estudo de impacto ambiental faise referencia a ese rexeitamento e xustifícase daquela que se desbote esta opción.

Por outra parte, no caso da dragaxe da ría do Burgo, nunha contorna de interior de ría afectada por vertidos industriais e urbanos, optouse polo tratamento en terra das lamas e áridos procedentes da dragaxe que podían ter unha potencial carga contaminante.

Para o BNG, a dragaxe da desembocadura do río Lérez desde As Corbaceiras até as inmediacións da illa de Tambo é un proxecto de vital importancia para a recuperación dos bancos marisqueiros, para mellorar a navegabilidade do río e para facilitar a operatividade do porto da Corbaceiras e do porto deportivo.

Mais tendo en conta todos os antecedentes citados, esta actuación débese levar a cabo coas máximas cautelas e garantías. É por iso que se debería optar polo tratamento en terra dos lodos e áridos que non sexan aptos para a súa reutilización ou depósito no mar, tanto para evitar a súa potencial carga contaminante e a posíbel afección a ecosistemas e actividades do sector pesqueiro-marisqueiro-acuícola, como para evitar a utilización do mar como un vertedoiro de residuos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a presentar un estudo sobre viabilidade e custos do tratamento en terra dos materiais da dragaxe do porto e canle do río Lérez que

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51061
Data envio: 18/02/2026 14:00:14.540

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

polo seu risco, carga contaminante ou potencial afección a ecosistemas mariños e zonas pesqueiras non deberían depositarse no mar".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51061
Data envio: 18/02/2026 14:00:14.540

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 18/02/2026 13:58:29

Rosana Pérez Fernández na data 18/02/2026 13:58:37

Montserrat Valcárcel Armesto na data 18/02/2026 13:58:44

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51061
Data envio: 18/02/2026 14:00:14.540

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 14:00:15

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51064
Data envio: 18/02/2026 14:00:52.536

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Dolores Hermelo Piñeiro, Manuel Santos Costa, Miguel Fidalgo Iglesias, Magdalena Pérez Millares, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Raúl Santamaría González** e **Nazareth Cendán Gayoso,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Exposición de motivos

O porto pesqueiro de Cangas é unha infraestrutura estratéxica para a actividade económica, social e cultural do municipio, sendo un dos principais soportes do sector pesqueiro e marisqueiro da comarca do Morrazo.

A actividade da confraría de pescadores de Cangas ten un papel fundamental tanto no emprego directo como no mantemento dun tecido produtivo vinculado ao mar, que require infraestruturas axeitadas, modernas e funcionais.

Nos orzamentos do ente público Portos de Galicia figura a partida titulada “Ampliación dos atraques de pasaxe no porto de pasaxe de Cangas”, cun investimento total previsto de 1.500.000 euros, dos cales 10.000 euros están consignados para o exercicio 2026.

Porén, o servizo de pasaxe está sendo prestado tal e como se traslada por parte dos usuarios, cunha frecuencia axeitada, sendo moi satisfactorio o servizo coas instalacións actuáis, non existindo polo tanto a necesidade de ampliación dos atraques existentes. Existe unha oposición firme a dita actuación, xa que a mesma suporía a invasión parcial dunha zona de sementeira de ameixa, afectando negativamente á actividade marisqueira.

En contraposición, existe unha demanda social amplamente compartida no municipio de Cangas, así como reiteradamente formulada pola confraría de

Asinado o día 18/02/2026 ás 14:00
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pescadores, para acometer de maneira urxente a substitución das actuáis casetas dos mariñeiros situadas no porto pesqueiro.

As casetas existentes, presentan varios problemas estruturais e funcionais:
A xeración dun problema de contaminación sonora moi significativo, debido ao seu deseño, que permite que o vento produza un asubío constante entre as estruturas, afectando tanto aos profesionais do mar como á veciñanza do centro urbano.

Problemas na cuberta, con filtracións de auga que as fan inoperativas en determinados puntos.

Deseño pouco funcional, con espazos infrautilizados que dificultan a operatividade diaria dos mariñeiros.

Impacto negativo na calidade ambiental e urbana dunha zona especialmente sensible e de elevada presenza cidadá. Deseñadas para ser un elemento que achegara as artes de mar a poboación (a súa forma de xaula), son mais ben un elemento disruptor que representa case unha barreira cara ao mar.

Trátase, polo tanto, dunha actuación que non só melloraría as condición laborais dos profesionais do mar, senón que tamén redundaría nunha mellora substancial da calidade de vida da veciñanza, na integración porto-vila e na imaxe do propio espazo portuario.

Neste contexto, resulta necesario aplicar criterios de priorización, eficiencia e boa xestión dos fondos públicos, adaptando os investimentos de Portos de Galicia ás necesidades reais do territorio, apostando polo reforzo do sector pesqueiro sen renunciar ao transporte marítimo, pero ponderando de maneira equilibrada o interese xeral, o impacto socioeconómico e a viabilidade técnica das actuacións previstas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51064
Data envio: 18/02/2026 14:00:52.536

PARLAMENTO DE GALICIA

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que a EPE Portos de Galicia, leve a cabo a seguinte modificación no apartado de gastos do Plan de Actuacion, Investimentos e Financiamento (PAIF) dos Orzamentos Xerais do 2026 de Portos de Galicia, causando baixa a actuacion "Ampliación dos atraques de pasaxe no porto de pasaxe de Cangas", cun investimento total previsto de 1.500.000 euros, dos cales 10.000 euros están consignados para o exercicio 2026,e dando de alta como sustitución, a actuacion " Reforma dos departamentos dos mariñeiros do porto pesqueiro de Cangas" cun investimento total previsto de 1.500.000 euros, dos cales 10.000 euros están consignados para o exercicio 2026".

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51064
Data envio: 18/02/2026 14:00:52.536

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 18/02/2026 14:00:37

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51064
Data envio: 18/02/2026 14:00:52.536

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 14:00:53

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 18/02/2026 16:29:37.327

Asinado o día 18/02/2
16:24
Por José Ramón Gón

PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Exposición de motivos

Asinado o día 18/02/2026 ás
16:24
Por Carlos López Font

O concello de Padrón sofre de maneira recorrente episodios de enchentes que afectan directamente a vivendas e núcleos habitados, xerando importantes danos materiais e unha evidente situación de inseguridade para a veciñanza. A intensificación dos fenómenos meteorolóxicos extremos obriga ás administracións públicas a actuar con previsión, rigor técnico e prioridade nas intervencións que protexan ás persoas.

En 2021 foi asinado un convenio entre Augas de Galicia e o Concello de Padrón que contempla diversas actuacións de mellora do espazo fluvial e drenaxe en distintos puntos do termo municipal. Estas actuacións non se cuestionan nin se rexeitan, pois supoñen intervencións necesarias dentro dunha planificación máis ampla.

Asinado o día 18/02/2026 ás
16:24
Por Aitor Bouza Manso

Porén, tal e como está a reclamar o propio Concello de Padrón, existen actuacións de carácter máis urxente que non están incluídas no convenio e que afectan directamente ás zonas con maior impacto sobre vivendas, nomeadamente os regos de Cambelas (Pazos) e Os Pasales (Estramundi), así como determinados tramos do río Sar onde resulta imprescindible unha limpeza

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 18/02/2026 16:29:37.327

PSG PSOE

en profundidade que aumente o caudal e favoreza a drenaxe nas zonas máis vulnerables.

Actuar en puntos secundarios sen resolver previamente os estrangulamentos e déficits de capacidade hidráulica nas zonas con afectación directa a vivendas pode comprometer a eficacia global das intervencións e mesmo xerar unha maior acumulación de caudal río abaixo. Resulta, polo tanto, razoable e tecnicamente coherente priorizar aquelas actuacións que reduzan de maneira inmediata o risco sobre as persoas e os seus bens, permitindo que posteriormente as actuacións xa conveniadas desenvolvan todo o seu potencial.

A prevención das enchentes debe basearse en criterios técnicos, pero tamén na protección efectiva da veciñanza e na orde lóxica das intervencións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Executar de maneira inmediata actuacións nos regos de Cambelas (Pazos) e Os Pasales (Estramundi), priorizando estas intervencións por seren as zonas con maior afectación directa a vivendas no concello de Padrón.

2. Proceder a unha limpeza en profundidade e actuación integral no tramo do río Sar entre Estramundi e Pazos, co obxectivo de aumentar a súa capacidade hidráulica e mellorar a drenaxe das zonas inundables con maior impacto residencial.

3. Establecer un calendario urxente de execución destas actuacións, con consignación orzamentaria específica e suficiente.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 18/02/2026 16:29:37.327

PSG PSOE

4. Coordinar tecnicamente estas intervencións coas actuacións xa previstas no convenio de 2021, garantindo que a orde de execución responda a criterios de eficacia hidráulica e protección da poboación, en coordinación co concello de Padrón.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 18/02/2026 16:29:37.327

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 18/02/2026 16:24:23

Carlos López Font na data 18/02/2026 16:24:28

José Ramón Gómez Besteiro na data 18/02/2026 16:24:34

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51069
Data envio: 18/02/2026 16:29:37.327

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 16:29:38

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 16:59:21
Nº Rexistro: 51088
Data envio: 18/02/2026 16:59:21.238

PSG PSOE

Asinado o día 18/02/2
16:57
Por José Ramón Gón

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas**, María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª.**

Exposición de motivos

Asinado o día 18/02/2026 ás
16:57
Por Lara Méndez López

Durante os meses de xaneiro e febreiro de 2026 Galicia viuse afectada por unha sucesión de borrascas atlánticas de grande intensidade, entre elas Josephine e Leonardo, que provocaron episodios prolongados de precipitación intensa, saturación hídrica dos solos e desbordamentos fluviais en distintas comarcas do país.

A comarca da Limia converteuse nun dos territorios máis gravemente afectados. A acumulación continuada de choivas provocou a saturación completa do acuífero limiao e o desbordamento do río Limia e dos seus afluentes, anegando terras agrarias durante días e mesmo semanas. A situación chegou a reproducir, *de facto*, a antiga configuración da Lagoa de Antela en amplas superficies agrícolas.

Asinado o día 18/02/2026 ás
16:57
Por Carmen Rodríguez Dacosta

As consecuencias para o sector primario son de enorme magnitude. As estimacións realizadas na propia comarca apuntan á perda de ata o 80 % da colleita de cereal de inverno, ademais de danos en praderías, explotacións gandeiras, infraestruturas de regadío, camiños agrícolas e accesos a explotacións.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 16:59:21
Nº Rexistro: 51088
Data envio: 18/02/2026 16:59:21.238

PSG DE PSOE

A comarca da Limia, cunha forte dependencia económica do sector primario e cun tecido de explotacións familiares, non dispón de capacidade financeira suficiente para asumir en solitario os custos extraordinarios derivados desta situación. Resulta imprescindible unha resposta coordinada e extraordinaria por parte da Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, que inclúa avaliación rigorosa de danos, medidas compensatorias e actuacións estruturais que reforcen a resiliencia do territorio fronte a episodios meteorolóxicos extremos cada vez máis recorrentes.

Por todo o exposto, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar e facer público, no prazo máximo dun mes, un informe técnico detallado sobre os danos agrarios e forestais causados polas borrascas do inverno 2026 na comarca da Limia.

2. Habilitar unha liña extraordinaria de axudas directas para titulares de explotacións agrícolas e gandeiras da comarca afectadas polas inundacións, con tramitación simplificada e pagamento anticipado.

3. Establecer unha dotación orzamentaria extraordinaria destinada á reparación de infraestruturas agrarias e forestais danadas.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 16:59:21
Nº Rexistro: 51088
Data envio: 18/02/2026 16:59:21.238

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/02/2026 16:57:13
Lara Méndez López na data 18/02/2026 16:57:23
José Ramón Gómez Besteiro na data 18/02/2026 16:57:30

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 16:59:21
Nº Rexistro: 51088
Data envio: 18/02/2026 16:59:21.238

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 16:59:22

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 17:17:14
Nº Rexistro: 51095
Data envio: 18/02/2026 17:17:14.024

PSG PSOE

Asinado o día 18/02/2
17:05
Por José Ramón Gón

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª.**

Exposición de motivos

Asinado o día 18/02/2026 ás
17:05
Por Lara Méndez López

Durante os meses de xaneiro e febreiro de 2026 Galicia viuse afectada por sucesivos temporais atlánticos, entre eles as borrascas Josephine e Leonardo, que deixaron acumulacións extraordinarias de precipitación e episodios de vento intenso en amplas zonas do país.

Estas circunstancias meteorolóxicas provocaron importantes danos no medio rural galego, especialmente no sistema forestal. A saturación hídrica dos solos, combinada con rachas de vento persistentes, xerou derrubamentos de arborado, inestabilidade en masas forestais, deterioración de infraestruturas forestais e afeccións en espazos naturais protexidos.

As primeiras informacións procedentes do territorio apuntan a:

- Caídas significativas de arborado en montes veciñais en man común (MVMC).
- Danos en montes de xestión pública autonómica, incluídos aqueles en convenio ou consorcio.
- Deterioración de pistas forestais, pontellas, drenaxes e accesos.
- Danos na rede de puntos de auga, faixas auxiliares, devasas e infraestruturas de prevención de incendios.

Asinado o día 18/02/2026 ás
17:05
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 17:17:14
Nº Rexistro: 51095
Data envio: 18/02/2026 17:17:14.024

PSG PSOE

- Acumulación de madeira caída en montes públicos e privados, co conseguinte risco sanitario (pragas, fungos) e incremento da carga combustible.
- Posibles impactos en espazos naturais protexidos integrados na Rede Natura 2000.

A experiencia acumulada en episodios anteriores demostra que a ausencia dunha avaliación rápida e dunha intervención coordinada pode derivar en problemas engadidos: proliferación de pragas, depreciación da madeira derrubada, dificultades de acceso para tarefas de prevención e extinción, e incremento do risco de incendios forestais na campaña estival.

Resulta, polo tanto, imprescindible coñecer con rigor o alcance real dos danos e as medidas que a Xunta de Galicia prevé adoptar para garantir:

- A recuperación produtiva das masas afectadas.
- A estabilidade ecolóxica dos montes.
- A seguridade das infraestruturas forestais.
- A prevención de riscos sanitarios e de incendios.

Por todo o exposto, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar e publicar, no prazo máximo dun mes, un informe técnico detallado sobre os danos causados polas borrascas do inverno 2026 no sistema forestal galego.

2. Activar un plan extraordinario de actuación forestal que inclúa:

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 17:17:14
Nº Rexistro: 51095
Data envio: 18/02/2026 17:17:14.024

PSG PSOE

a) Retirada prioritaria de madeira caída en montes de xestión pública .

b) Axudas directas ás comunidades de montes veciñais en man común.

c) Liñas de apoio á restauración de masas danadas.

d) Medidas preventivas fronte a pragas e enfermidades.

3. Garantir a reparación urxente das infraestruturas forestais danadas, especialmente aquelas vinculadas á prevención e loita contra incendios.

4. Establecer un protocolo específico para a xestión da madeira derrubada en espazos protexidos, compatibilizando criterios ambientais e preventivos.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 17:17:14
Nº Rexistro: 51095
Data envio: 18/02/2026 17:17:14.024

PSG DE PSOE

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 17:17:14
Nº Rexistro: 51095
Data envio: 18/02/2026 17:17:14.024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/02/2026 17:05:22
Lara Méndez López na data 18/02/2026 17:05:30
José Ramón Gómez Besteiro na data 18/02/2026 17:05:38

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 17:17:14
Nº Rexistro: 51095
Data envio: 18/02/2026 17:17:14.024

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 17:17:14

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 17:34:50
Nº Rexistro: 51100
Data envio: 18/02/2026 17:34:50.582

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 18/02/202
Por Secundino Fernándo
Fernández

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Secundino Fernández Fernández** e da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**, sobre a mobilización de terras para o seu aproveitamento no concello de Tomiño.

Asinado o día 18/02/2026 ás 17:33
Por Montserrat Valcárcel Armesto

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A concentración parcelaria, instrumento herdado do franquismo e aplicado en Galiza dende os anos 50, converteuse nunha ferramenta burocrática estancada que non responde aos retos actuais do rural galego. En concellos como Tomiño, o proceso iniciado en 1993 permanece paralizado desde hai máis de tres décadas, bloqueando iniciativas empresariais no sector das plantas ornamentais, kiwi e viñedos, que esixen acceso á terra para ampliar as súas explotacións e para instalar novos proxectos económicos

O goberno da Xunta do PP, a pesar das súas declaracións sobre a concentración parcelaria como "motor estratéxico do desenvolvemento rural", mantén estancados máis de 150 procesos que afectan a 112.000 hectáreas en toda Galiza. Ademais, priorizou historicamente as zonas forestais (67% dos procesos en curso) sobre as agrícolas, evidenciando que o seu verdadeiro obxectivo non é fortalecer a agricultura familiar senón facilitar a xestión de monocultivos, como o do eucalipto.

Asinado o día 18/02/2026 ás 17:33
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

Fronte a este modelo superado, faise preciso unha alternativa eficaz e inmediata: a reactivación e dotación real do Banco de Terras de Galiza. Esta ferramenta, creada en

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 17:34:50
Nº Rexistro: 51100
Data envio: 18/02/2026 17:34:50.582

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2008 grazas á iniciativa do goberno bipartito, permite mobilizar as terras abandonadas e facilitar o seu acceso a novos agricultores e proxectos produtivos. O concello de Tomiño xa se incorporou a un proxecto piloto do Banco de Terras, demostrando a viabilidade desta vía fronte á lentitude da concentración parcelaria.

Non obstante, a Xunta limitouse a anunciar "reactivacións" sen dotar economicamente o Banco de Terras nin axilizar os prazos para declarar unha leira abandonada —actualmente excesivamente burocráticos— nin garantir o acceso prioritario a mozos e mozas agricultoras e agricultura familiar.

Faise preciso no concreto do Concello de Tomiño un novo modelo que supere o de concentración parcelaria, que supoña unha reforma agraria real baseada na mobilización da terra abandonada mediante un Banco de Terras dotado, áxil e orientado á agricultura familiar e ao relevo xeracional. Todo isto enmarcado nun contexto dunha localidade cun alto impacto do sector da planta ornamental e do sector agrícola na economía local.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1. Dotar con partida específica nos orzamentos de 2027 e seguintes exercicios o Banco de Terras de Galiza, garantindo recursos para a súa xestión operativa no concello de Tomiño, cun proceso de concentración parcelaria estancado.

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 17:34:50
Nº Rexistro: 51100
Data envio: 18/02/2026 17:34:50.582

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Axilizar os procedementos administrativos para declarar terras abandonadas e incorporalas ao Banco de Terras, reducindo os prazos actuais e simplificando a documentación esixida, e facelo en colaboración co Concello.

3. Establecer criterios de acceso prioritario ao Banco de Terras para mozas e mozos agricultores, cooperativas de pequenos propietarias/os e proxectos de agricultura familiar e de proximidade, excluíndo expresamente o acceso a grandes empresas ou proxectos de monocultivo forestal.

4. Finalizar na maior brevidade, e dentro desta lexislatura, a concentración parcelaria Goián-Estás-Figueiro e entregar os títulos correspondentes.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 17:34:50
Nº Rexistro: 51100
Data envio: 18/02/2026 17:34:50.582

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 18/02/2026 17:33:22
Montserrat Valcárcel Armesto na data 18/02/2026 17:33:30
Secundino Fernández Fernández na data 18/02/2026 17:33:37
Luis Bará Torres na data 18/02/2026 17:33:44

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 17:34:50
Nº Rexistro: 51100
Data envio: 18/02/2026 17:34:50.582

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 17:34:51

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 17:59:24
Nº Rexistro: 51110
Data envio: 18/02/2026 17:59:24.941

PSG PSOE

Asinado o día 18/02/2
17:54
Por José Ramón Gón

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª.**

Exposición de motivos

Asinado o día 18/02/2026 ás
17:54
Por Silvia Longueira Castro

En Galicia, temos déficit de médicos e médicas, en atención primaria, con independencia de que falemos do ámbito rural ou do ámbito urbano.

A falta de profesionais é unha realidade xeneralizada que afecta ao conxunto do territorio, sen distinción entre vilas e cidades.

O Goberno de Galicia fundamenta o seu argumentario en que o Goberno de España non forma suficientes médicos e médicas, e que por iso non se poden cubrir as prazas de Atención Primaria. Mais isto é rotundamente falso.

Desde o ano 2018, o Goberno de España vén incrementando de maneira continuada as prazas de Formación Sanitaria Especializada, acadando no ano 2025 case un 50 % máis con respecto ao ano 2017.

Asinado o día 18/02/2026 ás
17:53
Por Elena Espinosa Mangana

Polo tanto, non só se produciu un aumento sostido e significativo da oferta formativa, senón que, ademais, as comunidades autónomas, e por suposto Galicia, teñen a posibilidade de solicitar un maior número de prazas se así o consideran necesario.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 17:59:24
Nº Rexistro: 51110
Data envio: 18/02/2026 17:59:24.941

PSG PSOE

Outra situación que estamos a vivir é que en Galicia hai profesionais da medicina, que rematan a formación MIR da especialidade de Familia e Comunitaria e non queren traballar en Atención Primaria.
E fácil comprobar que hai circunstancias que rodean a situación da Atención Primaria que son s responsabilidade única e exclusiva da Xunta de Galicia.

Polo tanto, non abonda cos lemas de que a atención primaria é o piar fundamental da sanidade se non se conta nin se dota dos profesionais necesarios para poder atendela en condicións adecuadas.

Desde o Grupo Socialista, queremos que a Atención Primaria sexa a verdadeira porta de entrada ao sistema sanitario, garantindo que estea dotada de profesionais e recursos suficientes para cumprir o seu papel esencial, e para iso hai que descender a realidade.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Elaborar informe, que recolla de forma detallada, a evolución anual do número de prazas de Formación Sanitaria Especializada (MIR), demandadas pola Xunta de Galicia e as efectivamente concedidas polo Ministerio de Sanidade dende o ano 2015 o ano 2025, en xeral e de Atención Familiar e Comunitaria en particular.

2. Elaborar un informe, que recolla o número de persoas para realizar/impartir a Formación Sanitaria Especializada (MIR) dende o ano 2015 a 2025 e condicións económicas.

3. Elaborar un informe, que recolla de forma detallada, a evolución anual do número de persoas que aprobaron a Formación Sanitaria Especializada (MIR) de

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 17:59:24
Nº Rexistro: 51110
Data envio: 18/02/2026 17:59:24.941

PSG DE PSOE

Atención Familiar e Comunitaria, e o número de persoas que asinaron contrato co Sergas para ocupar prazas de Atención Primaria.

4. Situación dos contratos, en canto á súa eventualidade, das persoas que aprobaron a Formación Sanitaria Especializada (MIR) de Atención Primaria e Comunitaria dende o ano 2015 o 2025

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 17:59:24
Nº Rexistro: 51110
Data envio: 18/02/2026 17:59:24.941

PSG DE PSOE

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 17:59:24
Nº Rexistro: 51110
Data envio: 18/02/2026 17:59:24.941

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 18/02/2026 17:53:56
Silvia Longueira Castro na data 18/02/2026 17:54:51
José Ramón Gómez Besteiro na data 18/02/2026 17:54:58

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 17:59:24
Nº Rexistro: 51110
Data envio: 18/02/2026 17:59:24.941

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 17:59:25

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 18:00:17
Nº Rexistro: 51113
Data envio: 18/02/2026 18:00:17.951

PSG PSOE

Asinado o día 18/02/2
17:34
Por José Ramón Gón

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta** e **Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto nos artigos 160 e seguintes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 7ª**.

Exposición de motivos

Asinado o día 18/02/2026 ás
17:34
Por Lara Méndez López

Durante os meses de xaneiro e febreiro de 2026 Galicia viuse afectada por unha sucesión de borrascas atlánticas de grande intensidade, entre elas as borrascas Josephine e Leonardo, que deixaron acumulacións extraordinarias de precipitación, episodios prolongados de vento forte e unha situación persistente de saturación hídrica dos solos.

A combinación de solos encharcados, refachos intensos e repetición de frontes activas nun curto espazo de tempo provocou un impacto significativo no medio rural galego e, de maneira particularmente acusada, no sistema forestal.

A provincia de Ourense, pola súa orografía complexa, pola elevada pendente en amplas zonas de montaña, pola estrutura minifundista da propiedade e pola importante presenza de montes veciñais en man común, presenta unha especial vulnerabilidade ante este tipo de episodios meteorolóxicos extremos.

Asinado o día 18/02/2026 ás
17:33
Por Carmen Rodríguez Dacosta

A inestabilidade das masas forestais en solos saturados incrementa o risco de derrubamento de arborado, especialmente en determinadas especies e en plantacións con elevada densidade ou escasa diversificación estrutural.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 18:00:17
Nº Rexistro: 51113
Data envio: 18/02/2026 18:00:17.951

PSG DE PSOE

Diversas comarcas ourensás rexistraron caídas significativas de arborado, danos en pistas forestais de montaña, arrastres en drenaxes e pontellas, deterioración de faixas auxiliares e devasas, así como afeccións en zonas de alto valor ambiental. A acumulación de madeira caída nos montes, ademáis do prexuízo económico directo para comunidades de montes e titulares forestais, supón un risco engadido de carácter sanitario —pola posible proliferación de pragas e fungos— e un incremento da carga combustible de cara á próxima campaña de incendios forestais.

Cómpre lembrar que unha parte relevante do territorio forestal ourensán está integrado en montes veciñais en man común, figura singular de titularidade colectiva que carece, na maioría dos casos, de capacidade financeira suficiente para facer fronte as actuacións urxentes de retirada de madeira, restauración de infraestruturas e recuperación silvícola sen apoio público extraordinario. Do mesmo xeito, os montes de xestión pública, en convenio ou consorcio, requiren dunha resposta coordinada por parte da Administración autonómica para evitar a depreciación da madeira derrubada e minimizar impactos ambientais posteriores.

Así mesmo, resulta imprescindible coñecer o impacto específico en espazos naturais protexidos da provincia, incluídos aqueles integrados na Rede Natura 2000, onde as actuacións deben compatibilizar criterios de conservación ambiental coa prevención de riscos estruturais e sanitarios.

A recorrencia e intensidade crecente destes fenómenos meteorolóxicos obriga a unha avaliación rigorosa, transparente e detallada dos danos producidos na provincia de Ourense, así como á definición dun calendario claro de actuacións e investimentos extraordinarios que permitan:

· Garantir a estabilidade das masas forestais.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 18:00:17
Nº Rexistro: 51113
Data envio: 18/02/2026 18:00:17.951

PSG PSOE

· Reducir o risco de pragas e enfermidades.

· Restablecer as infraestruturas forestais danadas.

· Previr o incremento do risco de incendios na campaña estival 2026.

· Apoiar ás comunidades de montes e titulares afectados.

Resulta, por tanto, imprescindible coñecer con precisión o alcance dos danos na provincia de Ourense e as actuacións específicas que a Xunta de Galicia prevé adoptar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un informe específico sobre os danos forestais na provincia de Ourense, con detalle por distrito forestal.

2. Habilitar unha liña extraordinaria de financiamento destinada ás comunidades de montes veciñais en man común da provincia afectadas polas borrascas.

3. Priorizar en Ourense a retirada de madeira caída e a reparación da rede de infraestruturas de prevención de incendios antes do inicio da campaña estival 2026.

4. Establecer unha mesa técnica de seguimento na provincia de Ourense coa participación de comunidades de montes e entidades locais afectadas.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 18:00:17
Nº Rexistro: 51113
Data envio: 18/02/2026 18:00:17.951

PSG PSOE

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2026.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 18:00:17
Nº Rexistro: 51113
Data envio: 18/02/2026 18:00:17.951

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/02/2026 17:33:51
Lara Méndez López na data 18/02/2026 17:34:24
José Ramón Gómez Besteiro na data 18/02/2026 17:34:41

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 18:00:17
Nº Rexistro: 51113
Data envio: 18/02/2026 18:00:17.951

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 18:00:18

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 18:06:20
Nº Rexistro: 51120
Data envio: 18/02/2026 18:06:20.929

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 18/02/2
18:04
Por Paulo Ríos Santo

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Valcárcel Armesto, Olalla Rodil Fernández** e do deputado **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a mellora das conexións de transporte público no rural do concello de Lugo a través da rede de transporte metropolitano.

Asinado o día 18/02/2026 ás
18:04
Por Olalla Rodil Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 29 de decembro de 2010 a Xunta de Galiza asinou cos concellos de Lugo, Castro de Rei, Outeiro de Rei, O Corgo, Guntín, Castroverde, Rábade e Friol o primeiro convenio de fomento do transporte público que permitiu implantar nestes oito concellos a Rede de Transporte Metropolitano, co obxectivo de mellorar tarifas, integración modal e cohesión territorial entre transporte urbano e interurbano. Este modelo facilitou que a veciñanza destes municipios contase con mellores prezos e con conexións que permiten comunicar a cidade de Lugo cos concellos limítrofes e achegar o servizo de transporte público a numerosos núcleos de poboación que, doutra maneira, carecerían deste servizo básico.

Asinado o día 18/02/2026 ás
18:04
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Na actualidade, o Concello de Lugo está a desenvolver un novo modelo de mobilidade, renovando o servizo de transporte público municipal e impulsando experiencias de transporte a demanda na zona rural, co obxectivo de facer chegar o transporte público a puntos onde nin o bus urbano nin o transporte metropolitano poden ter paradas fixas. Este contexto de transformación está a xerar unha crecente demanda de mellora dos servizos por parte das asociacións veciñais do rural lucense, non só no que

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 18:06:20
Nº Rexistro: 51120
Data envio: 18/02/2026 18:06:20.929

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

atinxe ao bus urbano e ao transporte a demanda municipal, senón tamén no servizo metropolitano da competencia da Xunta de Galiza.

A asociación veciñal Rebordaos-Veral vén reclamando unha mellora das conexións de transporte nas parroquias próximas á estrada LU 232, que dependen fundamentalmente da liña Lugo Friol, cun máximo de tres servizos diarios que resultan claramente insuficientes para as necesidades de mobilidade diaria da poboación. Reivindicacións semellantes repetíronse nos últimos anos noutros núcleos do rural de Lugo, como os situados nas estradas de Portomarín, da Fonsagrada ou na contorna de Ombreiro, que precisan horarios e frecuencias axeitadas para acceder a servizos básicos, educación, sanidade, comercio e emprego.

O BNG defende o transporte público como un servizo esencial, chave para garantir o dereito á mobilidade, reducir a contaminación e a conxestión viaria e combater a exclusión social e o desequilibrio territorial, mais este servizo debe deseñarse en función das necesidades reais do territorio e das persoas usuarias, particularmente no medio rural.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Atender de maneira inmediata as peticións trasladadas pola Asociación Veciñal Rebordaos Veral e incrementar as conexións da liña Lugo Friol e demais liñas afectadas coas parroquias e núcleos do rural do concello de Lugo situados na contorna da estrada LU 232.

2. Realizar, en coordinación co Concello de Lugo e coa representación veciñal, unha avaliación global das necesidades de mobilidade no rural lucense ligado á Rede de

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 18:06:20
Nº Rexistro: 51120
Data envio: 18/02/2026 18:06:20.929

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Transporte Metropolitano e ao novo modelo de transporte municipal, co fin de adaptar itinerarios, frecuencias e horarios á demanda real.

3. Pór en marcha, no prazo máximo de seis meses, un plan de mellora das frecuencias do transporte interurbano que comunica os diversos núcleos de poboación do rural de Lugo coa cidade, garantindo como mínimo frecuencias de ida e volta en horarios compatibles coa xornada laboral e escolar.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 18:06:20
Nº Rexistro: 51120
Data envio: 18/02/2026 18:06:20.929

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 18/02/2026 18:04:25

Olalla Rodil Fernández na data 18/02/2026 18:04:33

Paulo Ríos Santomé na data 18/02/2026 18:04:40

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 18:06:20
Nº Rexistro: 51120
Data envio: 18/02/2026 18:06:20.929

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 18:06:21

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 18:09:40
Nº Rexistro: 51125
Data envio: 18/02/2026 18:09:40.838

Asinado o día 18/02/2
18:04
Por José Ramón Gón

PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Exposición de motivos

Asinado o día 18/02/2026 ás
18:04
Por Silvia Longueira Castro

A planificación dos recursos humanos nos centros educativos públicos de Galicia continúa a sustentarse nun modelo de determinación de unidades e postos de traballo docentes que, en moitos casos, non foi obxecto dunha revisión estrutural e integral dende a regulación establecida no ano 2008. Aínda que anualmente se publican ordes de modificación de unidades e postos, non se produciu unha actualización global do catálogo que adapte o sistema ás transformacións sociais, demográficas e pedagóxicas experimentadas nos últimos quince anos.

As necesidades educativas do alumnado galego no ano 2008 non son as mesmas que as actuais. Hoxe os centros educativos afrontan unha realidade marcada polo incremento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, un aumento da diversidade cultural e lingüística nas aulas e unha crecente demanda de apoio en materia de saúde mental na infancia e adolescencia. A isto súmanse os cambios curriculares e organizativos derivados das sucesivas reformas educativas.

Asinado o día 18/02/2026 ás
18:04
Por Aitor Bouza Manso

Porén, moitos centros continúan a funcionar cunha dotación de profesorado que non responde ás necesidades reais do seu alumnado, especialmente no que atinxe ás especialidades de Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe,

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 18:09:40
Nº Rexistro: 51125
Data envio: 18/02/2026 18:09:40.838

PSG PSOE

Orientación educativa e profesorado de apoio. Esta situación provoca sobrecarga profesional, desigualdades entre centros e unha resposta insuficiente á atención á diversidade.

Non é razoable planificar o sistema educativo galego no presente ano con parámetros estruturais deseñados hai máis de quince anos. A educación inclusiva, a atención individualizada e a garantía de igualdade de oportunidades requiren unha planificación dinámica, actualizada e adaptada á realidade social actual.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Proceder á actualización integral do catálogo de unidades e postos de traballo docentes dos centros educativos públicos de Galicia, adaptándoo ás necesidades reais e actuais do alumnado, garantindo que este proceso se desenvolva de maneira participada, consensuada e escoitando á comunidade educativa, ás organizacións sindicais, aos equipos directivos, ás ANPA e aos profesionais de orientación e de atención á diversidade.
2. Garantir que, unha vez revisado o catálogo, se cubran efectivamente todos os postos necesarios para asegurar unha educación inclusiva, equitativa e de calidade en todo o territorio galego.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 18:09:40
Nº Rexistro: 51125
Data envio: 18/02/2026 18:09:40.838

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 18/02/2026 18:04:35
Silvia Longueira Castro na data 18/02/2026 18:04:40
José Ramón Gómez Besteiro na data 18/02/2026 18:04:46

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 18:09:40
Nº Rexistro: 51125
Data envio: 18/02/2026 18:09:40.838

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 18:09:41

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 18:10:14
Nº Rexistro: 51127
Data envio: 18/02/2026 18:10:14.549

Asinado o día 18/02/2
18:05
Por José Ramón Gón

PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Exposición de motivos

Asinado o día 18/02/2026 ás
18:04
Por Silvia Longueira Castro

A planificación dos recursos humanos nos centros educativos públicos de Galicia continúa a sustentarse nun modelo de determinación de unidades e postos de traballo docentes que, en moitos casos, non foi obxecto dunha revisión estrutural e integral dende a regulación establecida no ano 2008. Aínda que anualmente se publican ordes de modificación de unidades e postos, non se produciu unha actualización global do catálogo que adapte o sistema ás transformacións sociais, demográficas e pedagóxicas experimentadas nos últimos quince anos.

Malia considerarse de grande utilidade e aforrar moitas viaxes, longos desprazamentos, custes e tempo para as usuarias e usuarios e ás familias que o precisarían, non se produciu a súa apertura nese ano 2023 para o cal fora anunciada inicialmente. Posteriormente volve a anunciarse, nesa ocasión, co compromiso da súa entrada en funcionamento no 2024 e desta tampouco foi. A propia Conselleira de Política Social visitou as instalacións do PEF xa rematadas en setembro do 2024 no que destacou o investimento de 240.000 € nas instalacións anunciando que estaría en funcionamento no primeiro trimestre do 2025. Pero tampouco desta vez se puxo en funcionamento e volveu a atrasarse a posta en funcionamento.

Estamos no 2026 e non coñecemos o momento da súa posta en funcionamento. A gravidade desta actuación da consellería demostra unha vez máis a súa falla de

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51262
Data envio: 19/02/2026 16:29:24.957

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

interese polos problemas sociais e a atención as familias afectadas. En definitiva, é unha burla as familias que teñen necesidade deste servizo.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento galego insta o goberno galego a por en funcionamento o PEF de Verín de xeito inmediato, e sempre antes do remate do primeiro trimestre do 2026, garantindo unha atención adecuada ás familias e aos menores que requiran este servizo público".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51262
Data envio: 19/02/2026 16:29:24.957

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 19/02/2026 16:22:33
Olalla Rodil Fernández na data 19/02/2026 16:22:39
Secundino Fernández Fernández na data 19/02/2026 16:28:50

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51262
Data envio: 19/02/2026 16:29:24.957

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 16:29:25

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:40:11
Nº Rexistro: 51265
Data envio: 19/02/2026 16:40:11.133

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Nazareth Cendán Gayoso, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

Sobre a necesidade de que os concellos galegos dispoñan de Plans de Actuación Municipais fronte ao risco de incendios forestais como instrumentos esenciais de prevención, preparación e resposta no ámbito local

Exposición de Motivos

Os últimos acontecementos (inundacións, incendios, accidentes...) puxeron de manifesto máis que nunca a necesidade de que os plans de emerxencia estean perfectamente activos e actualizados para dar unha resposta rápida e axeitada a calquera situación de risco que se produza.

Neste senso, en particular, os Plans de Actuación Municipal (PAM) contra incendios forestais en Galicia, son instrumentos locais que definen a organización, recursos e procedementos de emerxencia, incluíndo fases de prealerta e actuación ante incendios con risco para a poboación..

Teñen por obxecto definir a estrutura organizativa e de protección civil ante incendios, establecendo medidas preventivas e protocolos de actuación. Inclúen unha fase de prealerta baseada na meteoroloxía e o risco no municipio, facilitando a resposta rápida.

Os PAM son clave para a protección da poboación e a coordinación cos operativos autonómicos, particularmente cando o incendio afecta á seguridade dos cidadáns.

Ademais, pola súa natureza deben ser revisados e adaptados ás características de cada municipio e aos medios dispoñibles. Os concellos deben redactar e actualizar os seus propios plans, os cales son aprobados e integrados dentro do marco xeral da Xunta para a defensa contra incendios forestais.

Asinado o día 19/02/2026 ás 16:39
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:40:11
Nº Rexistro: 51265
Data envio: 19/02/2026 16:40:11.133

PARLAMENTO DE GALICIA

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisón:

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a lembrarlle aos concellos galegos que, non marco das súas competencias, é obrigado que dispoñan de Plans de Actuación Municipal (PAM) fronte ao risco de incendios forestais como instrumento esencial de prevención, preparación e resposta non ámbito local".

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:40:11
Nº Rexistro: 51265
Data envio: 19/02/2026 16:40:11.133

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 19/02/2026 16:39:09

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:40:11
Nº Rexistro: 51265
Data envio: 19/02/2026 16:40:11.133

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 16:40:11

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:47:38
Nº Rexistro: 51267
Data envio: 19/02/2026 16:47:38.185

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España para reforzar as garantías para o sector primario na aplicación do acordo UE-Mercosur, logo da declaración conxunta asinada con varias organizacións agrarias

Exposición de Motivos

O recente acordo de libre comercio acadado entre a Unión Europea e os países que integran o Mercosur está xerando unha lexítima inquedanza no sector agroalimentario. Pese a ser un dos tratados que máis tempo se leva negociando (máis de 25 anos) e incorporar garantías para o sector, tamén é unha realidade innegable que os profesionais do agro están a amosar a súa preocupación en diferentes manifestacións intensificadas nos últimos meses.

Neste contexto, a Xunta de Galicia vén de asinar coas organizacións agrarias unha declaración conxunta para demandar unha aplicación práctica reforzada do acordo UE-Mercosur e as súas cláusulas de salvagarda, en caso de que entre en vigor o tratado. Foi nunha xuntanza presidida polo titular do Executivo galego, Alfonso Rueda, na que estivo acompañado da conselleira do Medio Rural, María José Gómez, e de representantes das organizacións asinantes.

O acordo acadado é un avance moi significativo por canto supón unha posición conxunta de Galicia para trasladar 11 peticións moi explícitas á UE e ao Goberno de España, así como compromisos da propia administración autonómica, para protexer e impulsar o sector primario galego diante deste novo escenario.

A declaración esixe o cumprimento estrito das cláusulas de salvagarda e do seu regulamento, a maiores dunha serie de garantías verificables dirixidas a protexer o sector primario. Desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia sempre defendemos que para avalar unha aplicación provisional deste tratado comercial debe ser paso previo e imprescindible que se blinde o cumprimento destas garantías.

Asinado o día 19/02/2026 ás 16:46
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:47:38
Nº Rexistro: 51267
Data envio: 19/02/2026 16:47:38.185

Entre as medidas máis salientables se destaca a necesidade de controis en fronteira reforzados, auditorías en orixe e, moi especialmente, o recoñecemento da posibilidade de actuar simplemente tras constatarse un dano limitado a unha zona xeográfica en concreto, como podería ser o caso de Galicia, sen ter que agardar a unha crise de alcance europeo.

Asemade, a declaración conxunta inclúe outras demandas dirixidas ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para que actúe con axilidade e eleve de xeito urxente calquera problemática á Comisión de sospeitarse dalgún incumprimento destas garantías e a necesidades de manter aberta interlocución constante coas comunidades autónomas.

Así mesmo, a Xunta de Galicia tamén asume compromisos propios, como o reforzo da promoción interna, a creación do Observatorio de Prezos e o impulso da autonomía alimentaria das explotacións. Sen esquecer que o Goberno galego xa actuou e en xaneiro deste mesmo ano cando presentou un paquete de medidas a curto e medio prazo para protexer o sector primario ante o tratado, que están en pleno desenvolvemento.

O contido da declaración conxunta pode consultarse no sitio web da Xunta de Galicia no seguinte enlace:
https://www.xunta.gal/documents/35297/42412/20260212_Declaracion_conxunta_acordo_Mercosur.pdf?version=1.0

En definitiva, falamos dunha acción conxunta e consensuada para preservar sempre os intereses dos nosos gandeiros e agricultores. Adiantándonos incluso ao Goberno central, que segue sen concretar que vai facer diante deste escenario.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España a necesidade de dar cumprimento ás medidas e esixencias incluídas na declaración conxunta asinada polo Goberno galego, Asaga e Unións Agrarias para reforzar as garantías para o sector primario na aplicación do acordo UE-Mercosur.
>
> Asemade, a Cámara galega insta ao Goberno galego a seguir a desenvolver as medidas e compromisos adquiridos pola administración autonómica, como a creación do Observatorio de Prezos e o impulso da autonomía alimentaria das explotacións"

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:47:38
Nº Rexistro: 51267
Data envio: 19/02/2026 16:47:38.185

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 19/02/2026 16:46:55

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:47:38
Nº Rexistro: 51267
Data envio: 19/02/2026 16:47:38.185

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 16:47:38

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:49:07
Nº Rexistro: 51268
Data envio: 19/02/2026 16:49:07.767

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 19/02/2
16:48
Por Paulo Ríos Santo

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Cristina Fernández Davila** e dos deputados **Luís Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a mellora de seguridade viaria e peonil na PO-261 ao seu paso polo lugar de A Ermida no concello de Covelo.

Asinado o día 19/02/2026 ás
16:48
Por Luis Bará Torres

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada autonómica PO-261 entre Mondariz e Maceira no concello de Covelo, cunha lonxitude de 16 km. transcorre por lugares como o da Ermida en Covelo, onde a administración local ten realizado unha humanización da súa praza e contorna, facendo deste espazo un lugar de encontro e descanso das veciñas e veciños.

Este lugar da Ermida é moi frecuentado pola veciñanza da Vila e por visitantes que se achegan á Casa Museo Pazo da Cruz situado a escasos metros, sede do Centro de Estudos da Paradanta e O Condado e dos Premios Cumbres do Suído. O mesmo acontece coa PO-261 como vial principal que comunica o barrio da Ermida co centro urbano de Covelo, pola que se desprazan a pé pola beirarrúa para dirixirse ao Centro de Saúde, facer visitas á residencia de maiores, compras, xestións nas oficinas bancarias ou outros servizos.

Asinado o día 19/02/2026 ás
16:48
Por Cristina Fernández Davila

Polo tanto, é unha necesidade vital para as persoas que fan este percorrido a diario que esta estrada autonómica estea nas mellores condicións posible para que o

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:49:07
Nº Rexistro: 51268
Data envio: 19/02/2026 16:49:07.767

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traslado de apenas 2 km sexa o máis agradable e seguro posible. Para iso é necesario que a Xunta de Galiza faga unhas pequenas actuacións que melloren a situación actual.

Este tramo precisa un mantemento periódico da arboreda para que non invada a calzada e non estorbe ao paso diario dos autobuses de liña regular e tamén escolares. Limpar, actualizar e mellorar as beirarrúas, así como a instalación de pasos de peóns elevados na zona máis habitada tamén sería fundamental para dotala de seguridade para os vehículos e para protexer a vida das persoas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O parlamento insta a Xunta a:

1.- Elaborar un estudo que valore as distintas opcións para dotar de seguridade viaria e peonil a estrada autonómica PO-261 ao seu paso polo lugar da Ermida ata o centro urbano do Concello de Covelo.

2.- Facilitar unha mobilidade segura ás persoas que se trasladan a pé para ir a outras vivendas, servizos públicos e privados, ata a vila ou para coller o autobús escolar.

2.- Incorporar nese estudo melloras no vial como iluminación, novos pasos de peóns elevados, etc.

3.- Valorar modificar o límite de velocidade nas zonas de núcleos de vivendas ou implementar maior número de controis de velocidade, así como outras medidas con esta finalidade.

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:49:07
Nº Rexistro: 51268
Data envio: 19/02/2026 16:49:07.767

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- Compartir este estudo e as distintas solucións a través dun proceso de participación co Concello, así como coa veciñanza da Ermida".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:49:07
Nº Rexistro: 51268
Data envio: 19/02/2026 16:49:07.767

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 19/02/2026 16:48:02
Luis Bará Torres na data 19/02/2026 16:48:08
Paulo Ríos Santomé na data 19/02/2026 16:48:14

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:49:07
Nº Rexistro: 51268
Data envio: 19/02/2026 16:49:07.767

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 16:49:08

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:01:17
Nº Rexistro: 51276
Data envio: 19/02/2026 17:01:17.895

Asinado o día 19/02/2
16:58
Por José Ramón Gón

PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Exposición de motivos

Asinado o día 19/02/2026 ás
16:58
Por Silvia Longueira Castro

Nos últimos cursos escolares, a comunidade educativa galega vén denunciando reiteradamente que o comezo das clases prodúcese con faltas de profesorado en numerosos centros, con especial incidencia en especialidades como Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Orientación ou en determinadas materias da educación primaria e secundaria. Do mesmo xeito, repítense problemas derivados dunha planificación insuficiente das necesidades de transporte, comedor escolar ou dotación de persoal non docente.

A planificación do curso escolar non pode iniciarse no mes de setembro nin depender de axustes de última hora. Un sistema educativo rigoroso e eficaz require que, unha vez finalizado o curso académico, a Consellería de Educación realice unha avaliación pormenorizada das necesidades de cada centro educativo en materia de persoal docente e non docente, infraestruturas, servizos complementarios e atención á diversidade, de maneira que o novo curso comece con todos os recursos necesarios plenamente asignados.

Asinado o día 19/02/2026 ás
16:58
Por Aitor Bouza Manso

Esta planificación debe realizarse en diálogo permanente coa comunidade educativa, co fin de coñecer de primeira man as necesidades reais de cada centro e garantir que as decisións adoptadas respondan á realidade do territorio

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:01:17
Nº Rexistro: 51276
Data envio: 19/02/2026 17:01:17.895

PSG DE PSOE

e non a estimacións administrativas afastadas do día a día dos centros educativos.

A ausencia dunha planificación anticipada e consensuada provoca incerteza nas direccións dos centros, sobrecarga no profesorado, malestar nas familias e, sobre todo, unha perda de calidade no servizo público educativo que repercute directamente no alumnado. Non é aceptable que o alumnado galego comece o curso sen todo o profesorado asignado ou con servizos básicos sen resolver.

Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia estableza un calendario de planificación estable, transparente e anticipado, que permita detectar as necesidades reais de cada centro ao remate do curso anterior e adoptar as decisións correspondentes durante os meses de verán, garantindo que o curso escolar se inicie en condicións óptimas e coa participación activa da comunidade educativa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer un sistema de planificación anticipada do curso escolar que se inicie inmediatamente tras a finalización do curso académico anterior.
2. Realizar unha avaliación individualizada das necesidades de cada centro educativo en materia de profesorado, persoal non docente, atención á diversidade, transporte, comedor e infraestruturas antes do período estival.
3. Desenvolver esta planificación en contacto permanente e en consenso con toda a comunidade educativa garantindo as canles formais de participación e diálogo.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:01:17
Nº Rexistro: 51276
Data envio: 19/02/2026 17:01:17.895

PSG DE PSOE

4. Garantir que o inicio do curso escolar se produza con todos os recursos humanos e materiais plenamente asignados, evitando incidencias derivadas de falta de previsión.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:01:17
Nº Rexistro: 51276
Data envio: 19/02/2026 17:01:17.895

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 19/02/2026 16:58:03
Silvia Longueira Castro na data 19/02/2026 16:58:09
José Ramón Gómez Besteiro na data 19/02/2026 16:58:15

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:01:17
Nº Rexistro: 51276
Data envio: 19/02/2026 17:01:17.895

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 17:01:18

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:01:56
Nº Rexistro: 51278
Data envio: 19/02/2026 17:01:56.138

Asinado o día 19/02/2
16:58
Por José Ramón Gón

PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Exposición de motivos

Asinado o día 19/02/2026 ás
16:58
Por Silvia Longueira Castro

Nos últimos cursos escolares, a comunidade educativa galega vén denunciando reiteradamente que o comezo das clases prodúcese con faltas de profesorado en numerosos centros, con especial incidencia en especialidades como Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Orientación ou en determinadas materias da educación primaria e secundaria. Do mesmo xeito, repítense problemas derivados dunha planificación insuficiente das necesidades de transporte, comedor escolar ou dotación de persoal non docente.

A planificación do curso escolar non pode iniciarse no mes de setembro nin depender de axustes de última hora. Un sistema educativo rigoroso e eficaz require que, unha vez finalizado o curso académico, a Consellería de Educación realice unha avaliación pormenorizada das necesidades de cada centro educativo en materia de persoal docente e non docente, infraestruturas, servizos complementarios e atención á diversidade, de maneira que o novo curso comece con todos os recursos necesarios plenamente asignados.

Asinado o día 19/02/2026 ás
16:58
Por Aitor Bouza Manso

Esta planificación debe realizarse en diálogo permanente coa comunidade educativa, co fin de coñecer de primeira man as necesidades reais de cada centro e garantir que as decisións adoptadas respondan á realidade do territorio

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:01:56
Nº Rexistro: 51278
Data envio: 19/02/2026 17:01:56.138

PSG DE PSOE

e non a estimacións administrativas afastadas do día a día dos centros educativos.

A ausencia dunha planificación anticipada e consensuada provoca incerteza nas direccións dos centros, sobrecarga no profesorado, malestar nas familias e, sobre todo, unha perda de calidade no servizo público educativo que repercute directamente no alumnado. Non é aceptable que o alumnado galego comece o curso sen todo o profesorado asignado ou con servizos básicos sen resolver.

Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia estableza un calendario de planificación estable, transparente e anticipado, que permita detectar as necesidades reais de cada centro ao remate do curso anterior e adoptar as decisións correspondentes durante os meses de verán, garantindo que o curso escolar se inicie en condicións óptimas e coa participación activa da comunidade educativa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un informe anual detallado sobre as necesidades detectadas en cada centro educativo e as medidas que se pretenden adoptar para a súa cobertura, que deberá ser presentado e debatido perante o Parlamento de Galicia antes da finalización do curso escolar anterior.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:01:56
Nº Rexistro: 51278
Data envio: 19/02/2026 17:01:56.138

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 19/02/2026 16:58:23
Silvia Longueira Castro na data 19/02/2026 16:58:28
José Ramón Gómez Besteiro na data 19/02/2026 16:58:35

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:01:56
Nº Rexistro: 51278
Data envio: 19/02/2026 17:01:56.138

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 17:01:56

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:04:26
Nº Rexistro: 51288
Data envio: 19/02/2026 17:04:26.027

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Nazareth Cendán Gayoso, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

Sobre a colaboración da Xunta de Galicia cos concellos galegos en materia de protección civil e emerxencias, especialmente a través das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil

Exposición de Motivos

Os últimos acontecementos (inundacións, incendios, accidentes...) puxeron de manifesto máis que nunca a necesidade de reforzar a colaboración que vén mantendo a Xunta de Galicia cos concellos en materia de protección e emerxencias para dar unha resposta axeitada en situacións de risco.

Un botón de mostra desta colaboración é o importante esforzo económica realizado pola Xunta nos últimos anos para dotar os efectivos dos servizos de emerxencias dos concellos galegos dos recursos necesarios para que poidan desenvolver o seu traballo con garantías.

Nesta liña, o investimento só en equipamento para servizos de emerxencias municipais da comunidade, tanto GES como Protección Civil, supera os 28 millóns de euros.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a manter a súa colaboración cos concellos galegos en materia de protección civil e emerxencias, especialmente a través da dotación de material operativo, así como de liñas de axuda para o funcionamento das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil (AVPC) e para a contratación de persoal de salvamento e socorrismo en espazos acuáticos".

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2026

Asinado o día 19/02/2026 ás 17:03
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:04:26
Nº Rexistro: 51288
Data envio: 19/02/2026 17:04:26.027

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 19/02/2026 17:03:44

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:04:26
Nº Rexistro: 51288
Data envio: 19/02/2026 17:04:26.027

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 17:04:26

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:11:41
Nº Rexistro: 51298
Data envio: 19/02/2026 17:11:41.572

PSG PSOE

Asinado o día 19/02/2
17:07
Por Silvia Longueira C

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª.**

Asinado o día 19/02/2026 ás
17:07
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Exposición de motivos

Segundo os datos da Enquisa Anual de Estrutura Salarial do INE correspondentes ao ano 2023, a fenda salarial en Galicia sitúase no 15,7 %, o que implica que as mulleres galegas perciben 4.326 euros menos ao ano que os homes.

Esta diferenza supuxo que no ano 2023 as mulleres deixaran de percibir arredor de 2.350 millóns de euros na nosa comunidade.

A situación agrávase cando analizamos determinados ámbitos:

- A fenda elévase ao 26 % no sector privado
- Nas pensións de xubilación alcanza o 32,6 %
- As mulleres galegas son as terceiras pola cola en retribución por hora traballada no Estado, con 15,36 €/hora
- O 40,3 % das mulleres asalariadas teñen ingresos iguais ou inferiores ao SMI, fronte ao 28,1% dos homes

Asinado o día 19/02/2026 ás
17:07
Por Elena Espinosa Mangana

A desigualdade intensifícase nas pequenas empresas (fendas superiores ao 23 %)

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:11:41
Nº Rexistro: 51298
Data envio: 19/02/2026 17:11:41.572

PSG DE PSOE

Especialmente, é preocupante o impacto da parcialidade: case unha de cada catro mulleres traballa a tempo parcial (24,1 %), fronte ao 6 % dos homes, e o 91,3 % das persoas con contrato parcial por coidados son mulleres.

Estes datos evidencian que non estamos ante un problema conxuntural, senón estrutural, que require actuacións decididas desde a Xunta de Galicia no ámbito das súas competencias.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar no Parlamento de Galicia, antes da finalización deste período de sesións, un plan galego contra a fenda salarial.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:11:41
Nº Rexistro: 51298
Data envio: 19/02/2026 17:11:41.572

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 19/02/2026 17:07:02
Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/02/2026 17:07:46
Silvia Longueira Castro na data 19/02/2026 17:07:53
José Ramón Gómez Besteiro na data 19/02/2026 17:08:01

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:11:41
Nº Rexistro: 51298
Data envio: 19/02/2026 17:11:41.572

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 17:11:42

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:12:10
Nº Rexistro: 51301
Data envio: 19/02/2026 17:12:10.742

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares e Raúl Santamaría González**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 5º, Sanidade, Política Social e Emprego**

Sobre a as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España para reclamar diálogo cos sindicatos médicos sobre o Estatuto Marco e acabar coas folgas que están a paralizar o Sistema Nacional de Saúde

Exposición de Motivos

A sanidade pública de Galicia, ao igual que a de toda España, rexistra na semana do 16 ao 20 de febreiro 5 novas xornadas de folga de médicos contra a reforma do Estatuto Marco que promove o Goberno central.

Estes novos paros de facultativos súmanse aos que se veñen repetindo nos últimos meses e que só entre decembro e xaneiro provocaron en Galicia a suspensión de máis de 85.000 actos médicos.

O Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde constitúe o marco normativo básico que regula as relacións laborais, dereitos e deberes dos profesionais sanitarios que prestan servizos nas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde. Este marco normativo é fundamental para garantir unhas condicións laborais adecuadas que permitan aos profesionais desenvolver o seu traballo coas máximas garantías.

Non pode aceptarse que se pretenda aprobar unha reforma da lei sobre a sanidade sen ter en conta aos médicos, do mesmo xeito que non se entende a sanidade sen médicos.

O Ministerio de Sanidade négase a escoitar as peticións dos sindicatos médicos e a buscar acordos que permitan evitar estas xornadas de folga.

Asinado o día 19/02/2026 ás 17:11
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:12:10
Nº Rexistro: 51301
Data envio: 19/02/2026 17:12:10.742

PARLAMENTO DE GALICIA

Estas continuas mobilizacións laborais dos facultativos teñen impacto directo na prestación dos servizos sanitarios, afectando tanto á organización e planificación das axendas asistenciais como á atención que reciben os pacientes.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para reclamar que active de forma urxente o diálogo cos sindicatos médicos sobre o Estatuto Marco e adopte as medidas necesarias para acabar coas folgas que están a paralizar o Sistema Nacional de Saúde."

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:12:10
Nº Rexistro: 51301
Data envio: 19/02/2026 17:12:10.742

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 19/02/2026 17:11:32

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:12:10
Nº Rexistro: 51301
Data envio: 19/02/2026 17:12:10.742

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 17:12:11

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-wFRRduRyR-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/